IES do MILLADOIRO

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# DO

# DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

# CURSO 2022- 2023

Miragaya Rodríguez, Raquel
Otero Enjo, Beatriz
Patiño Mallón, Julia
Varela Cambeiro, Ana Mª

# Índice


Índice ........ 2

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ........ 4
2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA ........ 5
   - 2.1. OBXECTIVOS DA ESO ........ 5
   - 2.2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO ........ 7
3. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA ........ 8
   - 3.1. 2º ESO ........ 8
   - 3.2. 4º ESO ........ 9
   - 3.3. 2º BACH ........ 9
4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ........ 11

   AS COMPETENCIAS CLAVE EN LCL ........ 11
   - 4.1. RELACIÓN ENTRE COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN ESO ........ 14
5. TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL) ........ 21
6. AVALIACIÓN ........ 22
   - 6.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES POR MATERIA E NIVEL ........ 22
   - 6.2. TÉCNICAS, INSTRUMENTOS e PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ........ 61
   - 6.3. RELACIÓN ENTRE COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR CURSO E MATERIA ........ 63
   - 6.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ........ 69
   - 6.5. PLAN DE RECUPERACIÓN ........ 73
   - 6.6. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL: DIRECTRICES E INSTRUMENTOS ........ 73
   - 6.7. PROCEDEMENTOS PARA A ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO ........ 75
7. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE POR MATERIA E NIVEL ........ 75
8. METODOLOXÍA ........ 98

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ..... 100
9.1. A NIVEL DE CENTRO ..... 100
9.2. A NIVEL DE DEPARTAMENTO ..... 100
10. PROGRAMACIÓN DO PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E O RENDEMENTO: 2º ESO ..... 102
10.1. INTRODUCIÓN ..... 102
CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES EN ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO DE 2º PMAR. ..... 103
10.2. CONTIDOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E TEMPORALIZACIÓN. ..... 119
10.3. LECTURAS OBRIGATORIAS. ..... 126
10.4. LIÑAS METODOLÓXICAS. ..... 126
10.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO. ..... 127
10.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ESPECÍFICOS ..... 128
11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO. ..... 129
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR ..... 131
13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC ..... 133
14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ..... 134
15. SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES ..... 136
16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE. ..... 136
17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ..... 141

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES do Milladoiro está ubicado no concello de Ames (A Coruña) e a el asiste, sobre todo, alumnado procedente do centro adscrito CEIP de Ventín. Hai moi pouco alumnado procedente doutros centros da contorna.

A materia de Lingua castelá e Literatura adquire unha importancia decisiva para a formación do alumnado, posto que consolidar e ampliar a competencia comunicativa e literaria e a capacidade lingüística do estudante é condición imprescindible para acadar os fins formativos da ESO, independentemente de que o alumnado decida seguir estudando ou non unha vez acabado o ensino obrigatorio. Debe dotarse ao alumnado dunhas capacidades e destrezas que lle permitan comprender os discursos que ha de traballar no ámbito académico, primeiro, e na súa vida cotiá como adulto, despois. Ademais, non debe esquecerse de que ha de atender non só aos discursos de carácter científico-técnico, senón tamén aos culturais e literarios, polo que se han de ter en conta os medios de comunicación e o ámbito literario (nesta etapa de súa formación debe ser capaz de crear e de comprender calquera tipo de discurso). O obxectivo final desta materia é que o noso alumnado adquira os coñecementos necesarios para intervir de forma axeitada (comprender e expresarse, de forma oral e escrita) na interacción verbal nos diferentes ámbitos sociais. Para levar a cabo este proxecto non só se fará uso das ferramentas tradicionais, senón que ademais utilizaranse os diferentes utensilios dixitalizados dos que dispón o centro, posto que son instrumentos imprescindibles para a educación online nesta era dixitalizada na que nos movemos.

## O noso Departamento

Ademais da materia de Lingua castelá e Literatura (impartida en 1º/2º/3º/4º de ESO e 1º e 2º de BACHARELATO), o Departamento imparte a asignatura optativa de Literatura universal en 1º de Bacharelato e o Ámbito Sociolingüístico de PMAR (2º ESO).

Durante este curso, este departamento estará formado por catro docentes con destino definitivo no centro.

A distribución das horas, materias e niveis quedou da seguinte maneira:

| DOCENTE | MATERIA | NIVEIS E GRUPOS |
|---|---|---|
| Otero Enjo, Beatriz | LCL | 2º ESO |
| | LCL | 3º ESO |
| | Reforzo e afondamento da Lingua | 2º BACH |
| | LCL | 2º BACH |
| Patiño Mallón, Julia | LCL | 1º ESO |

| | | |
|---|---|---|
| | LCL | 3º ESO |
| | LCL | 1º BACH |
| Varela Cambeiro, Ana Mª | LCL | 1º ESO |
| | LCL | 4º ESO |
| Miragaya Rodríguez, Raquel | Ámbito socio-lingüístico PMAR | 2º ESO |
| | LCL | 2º ESO |
| | LIT. UNIVERSAL | 1º BACH |

### Marco normativo

No marco lexislativo da LOMCE a normativa que inspirará a nosa labor profesional durante este curso que agora comenza é o que segue:

- ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instruccións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.
- Real Decreto 1105/2014, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, *pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación.*
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño*, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, *polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

# 2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

## 2.1. OBXECTIVOS DA ESO

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e asolidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 2.2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

# 3. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA

## 3.1. 2º ESO

a) Comprender os textos orais, interpretaros e valorar a súa expresión en ámbitos diversos.
b) Comunicarse de forma oral en entornos diversos e valorar a importancia da conversa.
c) Emitir mensaxes orais claros, adecuados ao contexto, coherentes e cohesionados, e utilizando a linguaxe oral e os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe.
d) Ler de forma comprensiva e con capacidade crítica textos diversos.
e) Extraer información de diversas fontes de comunicación escrita, impresa ou dixital, utilizándoa para aprender de forma activa.
f) Producir textos escritos coherentes e cohesionados, valorando a importancia da escritura.
g) Profundizar nos aspectos gramaticais e estructurais das palabras, comprendendo o seu significado, diferenciando os seus usos subxetivos e obxetivos, e recoñecendo a importancia das súas relacións de igualdade e contrariedade.
h) Manexar ol diccionario para a resolución de dúbidas e para enriquecer o propio vocabulario.
i) Utilizar os grupos ou sintagmas nominais, adjetivais, verbais, preposicionais e adverbiais dentro do marco da oración simple.
j) Analizar os elementos constitutivos de la oración simple.
k) Identificar a intención comunicativa do discurso, coa interpretación e o análise dos elementos lingüísticos que o compoñen.
l) Recoñecer a riqueza cultural que supón a variedade lingüística de España.
m) Ler obras da literatura española e universal como fonte de placer e enriquecimento persoal e adquirir un hábito lector.
n) Reflexionar sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.
o) Comprender textos literarios de distintos xéneros e épocas.
p) Escribir textos propios con intención literaria.

### 3.2. 4º ESO

1. Comprender textos orais, interpretándoos e valorando a súa expresión dentro de ámbitos diversos.

2. Comunicarse oralmente en entornos diversos valorando a importancia da conversa.

3. Comunicarse de forma clara, adecuando o discurso ao contexto, con coherencia e cohesión utilizando a linguaxe oral e os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe.

4. Ler comprensivamente con capacidade de crítica diversos textos.

5. Extraer información de diferentes fontes de comunicación escrita, en papel ou dixital, e utilizala para aprender de forma activa.

6. Producir textos con cohesión e coherencia, valorando a importancia da escritura.

7. Utilizar as distintas categorías gramaticais e formas verbais con intención comunicativa y expresiva en distintos contextos lingüísticos.

8. Coñecer a creación de palabras novas engadindo sufixos e prefixos provietes doutras linguas.

9. Distinguir o significado das palabras dependendo do contexto onde se utilizan.

8. Recoñecer e analizar a estructura das oracións compostas.

9. Utilizar os recursos lingüísticos dispoñibles para afrontar problemas de comprensión e expresión oral y escrita.

10. Analizar a estructura dos distintos tipos de textos, interiorizala e empleala nas producións propias.

11. Utilizar a lingua con intención comunicativa, interpretando o discurso e analizando os elementos lingüísticos que o compoñen.

12. Ler obras da literatura española e universal, manifestando gusto pola lectura e desenvolvendo o hábito lector.

13. Reflexionar sobre as relacións entre a literatura e o resto das artes.

14. Comprender textos literarios representativos da literatura do século XVIII á os nosos días.

15. Escribir textos personais de intención literaria.

16. Usar a creatividade na redacción de textos de carácter literario.

### 3.3. 2º BACH

1. Aplicar estratexias de lectura para acercarse a textos con diferentes grados de complexidade.

2. Comprender discursos orais e escritos dos diferentes contextos da vida social e cultural e especialmente nos ámbitos académico e dos medios de comunicación.

3. Expresarse oralmente e por escrito mediante discursos coherentes, correctos e adecuados ás diversas situacións de comunicación e ás diferentes finalidades comunicativas, especialmente no ámbito académico.

4. Utilizar e valorar a lingua oral e a lingua escrita como medios eficaces para a comunicación interpersoal, a adquisición de novos coñecementos, a comprensión e análise da realidade e a organización racional da acción.

5. Obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes, utilizando con autonomía e espírito crítico as tecnoloxías da información e comunicación.

6. Adquirir uns coñecementos gramaticais, sociolingüísticos e discursivos para utilizalos na comprensión, o análise e o comentario de textos e na planificación, a composición e a corrección das propias producións.

7. Coñecer a realidade plurilingüe e pluricultural de España, así como a orixe e desenvolvemento histórico das linguas peninsulares e das súas principais variedades, prestando unha especial atención ao español de América e favorecendo unha valoración positiva da variedade lingüística e cultural.

8. Analizar os diferentes usos sociais das linguas e evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos.

9. Formarse como lectores cultos e competentes.

10. Ler e valorar criticamente obras e fragmentos representativos da literatura en lingua castelá, como expresión de diferentes contextos históricos e sociais e como forma de enriquecemento persoal.

11. Coñecer as características xerais da literatura do século XX ata os nosos días en lingua castelá , así como os autores e obras relevantes, utilizando de forma crítica fontes bibliográficas adecuadas para o seu estudio.

12. Utilizar a lectura literaria como fonte de enriquecemento persoal e de pracer, apreciando o que o texto literario ten de representación e interpretación do mundo.

13. Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura española e universal.

14. Formar as súas propias opinións a través da lectura crítica das obras literarias máis importantes de todos os tempos.

## 4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### AS COMPETENCIAS CLAVE EN LCL

O estudo da Lingua e a Literatura supón a posta en marcha de toda unha serie de estratexias cognitivas, de pensamento e aprendizaxe para a realización de distintas tarefas, polo que leva implícito o desenvolvemento de cada unha das competencias clave.

**Comunicación lingüística (CCL)**

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas que o individuo interactúa con outros a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva. Esta visión da competencia en comunicación lingüística, que ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades, vai asociada a metodoloxías activas de aprendizaxe. Ademais, representa unha vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural que implica un factor de enriquecemento.

O currículo de Lingua castelá e Literatura, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe dun modo decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada, e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación transfírense e aplican ao aprendizaxe doutras. Esta aprendizaxe contribúe a acrecentar esta competencia sobre o uso lingüístico en xeral.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCBCT)**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para escribir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A materia de Lingua castelá e Literatura contribúe á adquisición da competencia matemática ao desenvolver a capacidade de abstracción, a relación lóxica entre conceptos e a súa representación gráfica mediante mapas conceptuais, diagramas de fluxo, mapas mentais, esquemas, etcétera.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, ao contraste de ideas e á aplicación das descubertas ao benestar social. A aportación da materia de Lingua castelá e Literatura prodúcese a través do coñecemento e o dominio da linguaxe científica, e da relación dos avances científicos e tecnolóxicos co contexto no que se producen.

**Competencia dixital (CD)**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das TIC para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a aprendizaxe, o uso do tempo de lecer, a inclusión e a participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun entorno dixital.

Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto conleva o coñecemento das principais aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamiento da información, e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

A contribución da mateira de Lingua castelá e Literatura ao tratamento da información e competencia dixital é decisiva, pois unha das súas metas consiste en proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información salientable de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios. A busca e selección de moitas destas informacións requerirá, por exemplo, o uso axeitado de bibliotecas ou a utilización de Internet, e a realización guiada destas buscas constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital.

Ademais, o currículo de Lingua castelá e Literatura inclúe o uso de soportes electrónicos na composición e publicación de textos, de modo que poidan tratarse máis eficazmente algunas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución dos textos, revisión, publicación…) e que constitúen un dos contidos básicos desta materia.

Mesmamente, queda dentro do ámbito desta materia o estudo dos elementos formais e das normas de uso dos novos xéneros discursivos vinculados ás redes sociais e a Internet, así coma o fomento da prevención dos riscos que existen para os usuarios destes novos sistemas de comunicación.

**Aprender a aprender (CAA)**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente en distintos contextos formais, non formais e informais.

Caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe, que exixe a capacidade para motivarse por aprender para desencadenar o proceso, e require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha apredizaxe máis eficaz e autónoma.

Ademais de instrumento de comunicación, a linguaxe é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construcción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente coa competencia básica de aprender a aprender.

Asemade, os contidos de reflexión sobre a Lingua recollen un conxunto de saberes conceptuais (metalinguaxe gramatical) e procedimentais (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados mediante o uso consciente de certos mecanismos gramaticais, substituír elementos do enunciado por outros gramaticais equivalentes, usar diferentes esquemas sintácticos para expresar unha mesma idea, diagnosticar erros e reparalos, etc.), que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender lingua.

**Competencias sociais e cívicas (CSC)**

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Esixe ententer o modo no que pode procurarse un estado de saúde física e mental óptimo, tanto para as persoas como para as súas familias e o seu entorno social próximo, e saber como un estilo de vida saudable pode contribuír a iso.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos *democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e os dereitos humanos e civís*, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. Isto inclúe o coñecemento dos acontecementos contemporáneos, así coma dos acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial, así como a comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais no mundo globalizado.

A aprendizaxe da lingua contribúe decisivamente ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, entendida coma un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendenmento entre as persoas. En efecto, aprender Lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades.

A educación lingüística ten un compoñente estreitamente vinculado coa competencia social e cidadá: a constatación da variedade dos usos de lingua e a diversidade lingüística, e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de representación e comunicación. Tamén se contribúe na medida en que se analiza como a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, para contribuír á erradicación dos usos discriminantorios.

**Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor (CSIEE)**

O sentido de iniciativa e espíritu emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Significa adquirir conciencia da situación na que hai que intervir ou que hai que resolver, e saber elexir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes precisas con criterio propio, coa finalidade de acadar o obxectivo previsto.

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade e a nosa interrelación cos demais, polo que se poñen en funcionamento habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: porse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, e negociar e traballar de forma cooperativa e flexible. Por iso, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con autonomía.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espíritu crítico, e unha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal, e consideralas parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión personal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

A lectura, interpretación e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento dunha competencia artística e cultural, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a temas recurrentes que son expresión de preocupacións esenciaiss do ser humano. A súa contribución será máis relevante se se establecen relacións entre as manifestacións literarias e outras manifestacións artísticas.

Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías, catálogos ou a presenza do literario na prensa) adquira sentido para o alumnado.

## 4.1. RELACIÓN ENTRE COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN ESO

**LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO**

| Competencias clave | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|
| **CCL** | 1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar e académico, e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do falante.<br>1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.<br>1.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.<br>1.4. Segue e interpreta instrucións orais respecetando a xerarquía dada.<br>1.5. Entende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información, da persuasión na publicidade, e a información, da opinión en noticias, reportaxes, etc., identificando as estratexias de enfatización e de expansión.<br>3.2. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinión dos demais.<br>2.1. Entende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descriptiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.<br>2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descriptivos, expositivos, argumentativos e instructivos, emitindo xuicios razonados e relacionándoos con conceptos persoais para xustificar un punto de vista particular.<br>3.1. Escoita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversacións espontáneas, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferencias formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os intercambios comunicativos espontáneos.<br>5.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais, valorando a claridade expositiva, a adecuación e a coherencia do discurso, así como a cohesión dos contidos. |

| | |
|---|---|
| | 6.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas suas prácticas orais.<br>6.5. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe, coa finalidade da práctica oral.<br>6.2. Organiza o contido e elabora guións previos á intervención oral formal seleccionando a idea central e o momento no que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundariase exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento.<br>1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e do tipo de texto.<br>1.2. Comprende o significado das palabras propias do nivel formal da lingua incorporándoas ao seu repertorio léxico.<br>1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto poñendoa en relación co contexto.<br>1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias comprendendo as relacións que se establecen entre elas.<br>2.1. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, escolar e académico, e social, identificando a tipoloxía textual seleccionada, a organización do contido, as marcas lingüísticas e o formato utilizado.<br>2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descriptivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.<br>2.4. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias comprendendo as relacións entre elas.<br>2.5. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situación da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe.<br>5.2. Escribe textos usando o rexistro axeitado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.<br>6.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar e académico, e social, imitando textos modelo.<br>6.5. Resume textos xeneralizando termos que teñen rasgos en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen lóxica e semánticamente, evitando parafrasear o texto resumido.<br>7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamiento.<br>4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.<br>1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utilizando este coñecemento para corrixir erros de concordancia nos textos propios e alleos.<br>1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a producción de textos verbais nas súas producións orais e escritas.<br>2.1. Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (raíz e afixos), aplicando este coñecemento á mellora da comprensión de textos escritos e o enriquecemento do seu vocabulario activo.<br>2.2. Explica os distintos procedementos de formación de palabras, distinguindo as compostas, as derivadas, as siglas e os acrónimos.<br>3.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou nun texto oral ou escrito.<br>2.2. Explica os distintos procedementos de formación de palabras, distinguindo as compostas, as derivadas, as siglas e os acrónimos.<br>4.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra explicando o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.<br>5.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.<br>7.2. Recoñece e explica nos textos o funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar como complementos verbais argumentais e adxuntos.<br>8.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado, e interpretando a presencia ou ausencia do suxeito como unha marca da atitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor.<br>9.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (sustitucións pronominais) e léxicos (elipses e sustitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto. |

| | |
|---|---|
| | 12.2. Recoñece as variedades xeográficas do castelán dentro e fóra de España.<br>1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias cercanas aos seus gustos, afeccións e intereses.<br>1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis lle chamaron a atención e o que a lectura lle aportou como experiencia persoal.<br>7.2. Recoñece e explica nos textos o funcionamiento sintáctico do verbo a partir do seu significado distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar como complementos verbais argumentais e adxuntos.<br>8.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias da comunicación.<br>8.2. Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, explicando os diferentes papeis semánticos do suxeito: axente, paciente, causa.<br>5.2. Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan ao significado global das palabras tabú e eufemismo.<br>7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e a comunicación para a realización dos seus traballos académicos. |
| **CAA** | 1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.<br>6.2. Organiza o contido e elabora guións previosa intervención oral formal seleccionando a idea central e o momento no que vai a ser presentada no seu auditorio, así como as ideas secundarias e exemplos que van a apoiar o seu desenvolvemento.<br>1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias comprendendo as relacións que se establecen entre elas.<br>6.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dudas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.<br>3.1. Identifica e expresa as posturas do acordó e desacordo sobre aspectos parciais, ou globais, dun texto.<br>3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.<br>5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos: esquemas, árbores, mapas conceptuais,etc., e redacta borradores da escritura.<br>5.2. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), avaliando a súa propia produción escrita ou a dos seus compañeros.<br>6.6. Realiza esquemas e mapas e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.<br>7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento capaz de organizar o seu pensamento. |
| **CD** | 4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.<br>4.1. Utiliza, de forma autónoma, diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.<br>6.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.<br>7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e a comunicación para a realización dos seus traballos académicos. |
| **CSC** | 6.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.<br>3.3. Respecta as opinións dos demais.<br>7.1. Participa activamente nos debates, coloquios… escolares, respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións dos demáis.<br>3.3. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.<br>12.1. Localiza nun mapa as distintas linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais comparando varios textos, recoñecendo as súas orixes históricas e describindo algúns dos seus rasgos diferenciais.<br>3.2. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara as opinións dos demáis. |
| | 6.1. Redacta textos personais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións de xénero, con intención lúdica e creativa.<br>1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético, perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura. |

| | |
|---|---|
| **CECC** | 2.2. Recoñece e comenta a pervivencia ou evolución dos personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.<br>1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis lle chamaron a atención e o que a lectura lle aportou como experiencia persoal.<br>7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a escritura. |
| **CSIEE** | 7.1. Participa activamente en debates, coloquios… escolares, respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións dos demais.<br>7.1. Aporta nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre os textos literarios traballados, expresándose con rigor, claridade e coherencia.<br>2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, expositivos, argumentativos e instrutivos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais para xustificar un punto de vista particular. |
| **CMCBCT** | 5.3 Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.<br>2.2 Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.<br>2.1 Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas |

**LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO**

| Competencias clave | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|
| **CCL** | 1.1. Comprende o sentido global de textos oracionais propios do ámbito persoal, escolar e académico, e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do falante.<br>1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.<br>1.3. Retén información relevante e extrae información concretas.<br>1.4. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais e a interrelación entre discurso e contexto.<br>1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.<br>1.6. Segue e interpreta instrucións orais.<br>3.2. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate, tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara as opinións dos demais.<br>2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.<br>2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e instrutivos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais para xustificar un punto de vista particular. |

| | |
|---|---|
| | 3.1. Escoita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os intercambios comunicativos espontáneos.<br>3.2. Recoñece e explica as características da linguaxe conversacional (cooperación, espontaneidade, economía e subxectividade) nas conversas espontáneas.<br>4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais, valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso, así como a cohesión dos contidos.<br>4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume…), a mirada, o posicionamento, a linguaxe corporal, etc., a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.<br>6.2. Realiza intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e discursos espontáneos.<br>6.3. Incorpora progresivamente palabras propias do rexistro formal da lingua nas súas prácticas orais.<br>6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.<br>6.5. Resume oralmente exposicións, argumentacións, intervencións públicas…, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxica e semánticamente.<br>Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas: incoherencias, repeticións, ambigüedades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores, etc.<br>7.2. Analiza críticamente debates e tertulias procedentes dos medios de comunicación, recoñecendo neles a validez dos argumentos e valorando críticamente a súa forma e o seu contido.<br>1.1. Comprende textos de diversa índole, poñendo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construíndo o significado global do texto.<br>1.2. Localiza, relaciona e secuencia as información explícitas dos textos.<br>1.3. Infire a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as ideas secundarias e establecendo relacións entre elas.<br>1.4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases dun texto, demostrando unha comprensión plena e detallada deste.<br>1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e evaliándoo críticamente, e realizando hipóteses sobre este.<br>1.6. Entende o significado das palabras propias do nivel culto da lingua, incorporándoas ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión.<br>2.1. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, académico e escolar, e social, identificando a tipoloxía textual seleccionada, a organización do contido, as marcas lingüísticas e o formato utilizado.<br>2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.<br>2.3. Comprende e explica os elementos verbais e os elementos non verbais e a intención comunicativa dun texto publicitario procedente dos medios de comunicación.<br>2.4. Localiza informacións explícitas nun texto, relacionándoas entre sí e co contexto, secuenciándoas e deducindo informacións ou valoración implícitas.<br>2.5. Interpreta o sentido de palabras, expresións, frases ou pequenos fragmentos extraídos dun texto en función do seu sentido global.<br>5.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas. |

| | |
|---|---|
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B3.13. Identificación e uso dos recursos expresivos que marcan a obxectividade e a subxectividade.<br>▪ B3.14. Observación, reflexión e explicación da deíxe temporal, espacial e persoal. | ▪ Actividades de busca en textos xornalísticos informativos e científicos de recursos relacionados coa obxectividade e análise dos mesmos.<br>▪ Actividades de busca en textos xornalísticos de opinión e en textos literarios de recursos relacionados coa subxectividade e análise dos mesmos.<br>▪ Actividades de creación de textos con marcadores de subxectividade.<br>▪ Exercicios de busca de deícticos nun texto e análise dos seus referentes. | 4 |

| Lingua castelá e Literatura II. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Actividades de aprendizaxe** | **Temporalización** |
| | | ▪ Realización dunha árbore conceptual cos distintos deícticos. | |
| ▪ e | ▪ B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Intertextualidade.<br>▪ B3.13. Identificación e uso dos recursos expresivos que marcan a obxectividade e a subxectividade.<br>▪ B3.14. Observación, reflexión e explicación da deíxe temporal, espacial e persoal. | ▪ Actividades de análise da estrutura típica dos textos argumentativo, expositivo e descritivo.<br>▪ Exercicios de recoñecemento dos elementos de cohesión, coherencia e adecuación textual.<br>▪ Creación de diferentes tipos de texto que respondan ás estruturas explicadas.<br>▪ Actividades de busca en textos xornalísticos informativos e científicos de recursos relacionados coa obxectividade. Análise dos mesmos.<br>▪ Actividades de busca en textos xornalísticos de opinión e en textos literarios de recursos relacionados coa subxectividade e análise dos mesmos.<br>▪ Exercicios de creación de textos con marcadores de obxectividade.<br>▪ Exercicios de creación de textos con marcadores de subxectividade.<br>▪ Exercicios de busca de deícticos nun texto e análise dos seus referentes.<br>▪ Realización dunha árbore conceptual cos distintos deícticos. | 6 |

| Lingua castelá e Literatura II. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Actividades de aprendizaxe** | **Temporalización** |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Intertextualidade. | ▪ Actividades de análise da estrutura típica dos textos argumentativo, expositivo e descritivo.<br>▪ Actividades de creación de diferentes tipos de texto que respondan ás estruturas explicadas. | 4 |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.15. Coñecemento e explicación do español actual. O español na rede. Situación do español no mundo. O español de América. | ▪ Escoita atenta e toma de apuntamentos.<br>▪ Realización dun mapa que recolla a situación actual do español no mundo.<br>▪ Audicións de textos orais en español de América.<br>▪ Lecura de diferentes textos que recollan os trazos característicos do español de América. Recoñecemento, análise e explicación deses trazos.<br>▪ Elaboración dun mapa conceptual sobre as variedades do español.<br>▪ Actividades de análise do español en Galicia. | 4 |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.16. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ Análise do poemario *La desaparición de la nieve*, de Manuel Rivas, que ofrece cada poema nas catro linguas oficiais do estado español.<br>▪ Tradución ao castelán dun poema noutra lingua e exhibición en material multimedia do resultado obtido.<br>▪ Tradución a outra lingua dun poema en castelán e exhibición en material multimedia do resultado obtido. | 2 |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B3.17. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | ▪ Actividades de aplicación dos coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas para a autocorrección e mellora dos textos orais e escritos, tomando así consciencia da importancia da gramática para o uso correcto da lingua. | 2 |
| Bloque 4. Educación literaria | | | |

| Lingua castelá e Literatura II. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Actividades de aprendizaxe** | **Temporalización** |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B4.1. Estudo cronolóxico das obras máis representativas da literatura en español do século XX ata os nosos días. | ▪ Lectura e posterior análise de textos expositivos sobre as distintas etapas da literatura española do século XX.<br>▪ Escoita atenta das explicación do/da docente e toma de apuntamentos.<br>▪ Realización de mapas conceptuais que recollan as principais características de cada unha destas etapas ou movementos.<br>▪ Visionado de fragmentos de documentais sobres estas etapas ou movementos.<br>▪ Actividades consistentes en dar resposta a cuestión sobre estas etapas ou movementos. | 6 |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ c | ▪ B4.2. Análise de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días. | ▪ Actividades de busca, análise e explicación das características propias da época ou movemento nos textos propostos.<br>▪ Lectura e análise dos libros de lectura propostos agora pola CIUGA para as probas ABAU | 6 |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B4.3. Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc. | ▪ Reflexión sobre a violencia de xénero e a igualdade entre homes e mulleres a partir da lectura e interpretación das obras de lectura. | 2 |
| ▪ g | ▪ B4.4. Planificación e elaboración de traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura do século XX ata os nosos días. | ▪ Realización dun traballo en *Power point* sobre algunha corrente ou autor da literatura actual.<br>▪ Exposición na aula dalgún destes traballos. | 2 |

## 8. METODOLOXÍA

A nosa metodoloxía estará inspirada nos seguintes **principios xerais:**

- O papel activo do alumnado. É o alumno quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe.

- O proceso de ensinanza garantirá a funcionalidade das aprendizaxes a través do desenvolvemento das competencias clave, de tal maneira que sexa posible a aplicación práctica do coñecemento adquirido e, sobre todo, que os contidos sexan necesarios e útiles para levar a cabo outras aprendizaxes.

- Os contidos presentaranse cunha estruturación clara das súas relacións, incluíndo a interrelación entre distintos contidos dunha mesma materia.

- Así mesmo, a adaptación dos principios básicos do método científico nas diferentes materias debe favorecer o desenvolvemento de procesos cognitivos, a autorregulación e a valoración da propia aprendizaxe. Por iso, na nosa programación de actividades incidimos naquelas que permitan a resolución de problemas e a procura, selección e procesamento da información.
- As tecnoloxías da información e a comunicación constituirán unha ferramenta cotiá nas actividades de ensinanza e aprendizaxe, como instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

- Os métodos de traballo gardan unha estreita relación co clima da aula e coa convivencia. Por iso, deben conter os necesarios elementos de variedade, de adaptación e de equilibrio entre o traballo persoal e o cooperativo.

- A diversidade de capacidades, motivacións e intereses do alumnado require a formulación dun currículo flexible, capaz de dar resposta a esa diversidade. Por isto, a concreción do currículo permitirá incorporar procedementos diversos que susciten o interese do alumnado e que favorezan diversos tipos de agrupamentos para facilitar a motivación dos alumnos e o proceso de ensinanza - aprendizaxe.

O Currículo contempla para a materia de Lingua castelá e Literatura as seguintes **directrices didácticas concretas**:

- Os métodos utilizados deben enfocarse para posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

- O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.

Seguindo o espírito da LOMCE, a nosa metodoloxía entenderase como unha forma de desenvolver a nosa práctica educativa a partir do *Enfoque de competencia*, e estará inspirada nos cinco **principios básicos** que a continuación se citan:

A) METODOLOXÍA COMUNICATIVA, INCLUSIVA E PARTICIPATIVA: Dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Préstase atención ao desenvolvemento de actividades que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

B) APRENDIZAXE POR COMPETENCIAS. Propoñemos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

C) TRABALLO POR PROXECTOS OU COOPERATIVO E EN EQUIPO. A nosa acción educativa procurará a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

D) INTEGRACIÓN DAS TICS. Orientamos a aprendizaxe da lingua cara a mellora dos usos comunicativos. Comprendemos o uso das TIC no marco de proxectos de comunicación, inscritos en situacións reais, que teñan sentido para o alumnado e cuxa finalidade sexa a produción e comprensión de textos reais tanto de carácter oral coma escrito.

E) ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. Temos en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, e potencien a inclusión do alumnado.

**No Bacharelato** teremos en conta tamén os seguintes principios específicos desta etapa educativa:

A) A metodoloxía favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

B) As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

C) O alumnado de Bacharelato debe adquirir un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar.

# 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## 9.1. A NIVEL DE CENTRO

A atención á diversidade no noso centro estará guiada polas disposicións recollidas no **PXAD do IES do Milladoiro** aprobado na CCP do 14/06/2017: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/137.

Tendo en conta que a data límite para a entrega desta P.D. é o 20 de setembro e que chegada esta data non se nos fixo chegar un informe do Departamento de Orientación co alumnado con NEE ou NEAE de cada curso, non se pode incluir dita información nesta P.D. a pesar de que en numerosas CCP do ano pasado así como no 1º claustro deste curso se deixou de manifesto que o profesorado precisaba esta infomación por escrito para a atención correcta á diversidade.

Non obstante, atenderanse as pautas específicas e medidas organizativas establecidas para este curso 2022-2023 e que entendemos que se explicarán/comentarán nas sesións de avaliación inicial para que o profesorado, facendo uso da súa autonomía, adapte as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación á realidade e necesidade do alumnado e do centro.

## 9.2. A NIVEL DE DEPARTAMENTO

Dada a heteroxeneidade do alumnado, resulta necesario contemplar diversas actuacións dirixidas a adaptarse ás necesidades educativas de cada estudante.

Entendendo por atención á diversidade aquelas medidas encamiñadas a apoiar a aqueles alumnos que requiran un reforzo educativo, así como tamén a aqueles outros que, polas súas altas capacidades intelectuais, necesitan actividades de ampliación. Para iso traballaremos con **actividades de reforzo e ampliación** dentro da propia aula, unha vez identificadas as necesidades persoais mediante a avaliación inicial ou continua. Unha vez realizada a avaliación diagnóstica ou inicial, poderemos establecer os programas de reforzo para aquel alumnado que presente dificultades na materia de lingua. Tratarase de reforzar a comprensión lectora, a expresión e os contidos mínimos fixados para o nivel educativo en cuestión. Recorreremos á confección de tarefas ou traballo de reforzo específicas para cada caso concreto, para tratar de estimular e mellorar o rendemento naquelas competencias que non domine o/a alumno/a concreto/a.

En relación co anterior, prestarase **especial atención ao alumnado de ESO que estea repetindo curso**, isto é, despois de realizada a avaliación inicial (que incluirá unha conversa co alumno ou alumna onde este sexa quen de facer unha autoavaliación e reflexione sobre as causas do fracaso no curso anterior), valorarase a posiblidade de adaptar ou cambiar os traballos propostos ao alumnado xeral, cambiar a obra de lectura establecida como obrigatoria

(no caso de coincidir esta coa do curso anterior), adaptar as actividades… procurando suscitar a súa motivación e interese cara a nosa materia. O seguemento deste alumnado corresponderalle ao docente que lle dea clase no curso actual.

Tamén se fomentará o **traballo individual e de grupo**, entendendo este último como unha medida que permite que un alumno con maiores capacidades axude, estimule e guíe a outro compañeiro que presente máis dificultades. O que supón un enriquecemento e estímulo para ambos compañeiros.

Como unha medida moi especial de atención á diversidade, poderán cambiarse os **instrumentos de avaliación**, de ser o caso, para avaliar a aqueles alumnos que presenten determinados problemas físicos ou psíquicos.

Ademais, o **material didáctico** (libro de texto) co que traballaremos durante este curso contempla as seguintes pautas para atender ás diferentes necesidades do alumnado (diversidade de niveis, estilos e ritmo de aprendizaxe, de interese e capacidade):

- Adaptación curricular:
    - Básica: os contidos nucleares da Unidade Didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte do alumnado.

    - Profundización: material fotocopiable con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso, etc.

- Competencias e intelixencias múltiples: contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, no movemento, a representación plástica, a dramatización...

- Plans invividuais: dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e sobredotación).

- Actividades multinivel: posibilitan que o alumnado atope, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste modo, nunha mesma clase pódese traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a.

- Traballos de investigación: traballos que permiten a profundización na temática.

# 10. PROGRAMACIÓN DO PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E O RENDEMENTO: 2º ESO

## Ámbito sociolingüístico

### 10.1. INTRODUCIÓN

Os programas de mellora da aprendizaxe e rendemento (PMAR) constitúen unha medida de atención á diversidade contemplada na LOMCE, no decreto 86/2015 , do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e na resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes programas deben dirixirse a alumnos con dificultades académicas non atribuíbles a súa falta de esforzo. Neles utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos e actividades, co obxectivo de que os alumnos poidan cursar 4º de ESO pola vía común e obter o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES EN ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO DE 2º PMAR.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
|---|---|---|---|
| **B1.1. Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, académico ou escolar, e social.** | LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/académico e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.<br>LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.<br>LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada. | CCL | **Escoita de forma respectuosa e comprensiva.**<br>**Retén información relevante.**<br>**Interpreta e segue instrucións** |
| **B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.** | LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.<br>LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.<br>LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).<br>LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente. | CCL, CAA, CSC | **Comprende o sentido global de textos orais de distinto tipo e identifica a información relevante e o tema dos mesmos.**<br>**Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos.**<br>**Resume textos de distinto tipo.** |
| **B1.3. Escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais.** | LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas. | CCL, CSC | **Escoita respectuosamente en debates.** |
| **B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.** | LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.<br>LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. | CSIE, CD.C AA | **Recoñece e valora a claridade, adecuación e coherencia dos discursos.**<br>**Recoñece erros orais e intenta emendalos.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas. | | |
| **B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.** | LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.<br>LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.<br>LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.<br>LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral. | CCL. CSC | **Realiza exposicións orais breves planificadas e non planificadas.**<br>**Incorpora progresivamente novo vocabulario ás súas producións.**<br>**Pronuncia con corrección e claridade.** |
| **B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas.** | LCLB1.6.1. Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios.<br>LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida. | CSC, CCL | **Participa respectuosamente en debates, cinguíndose ao tema.** |
| **B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.** | LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.<br>LCLB2.1.2. Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico.<br>LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pona en relación co contexto.<br>LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.<br>LCLB2.1.5. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica. | CCL, CCEC ,CMC CT | **Recoñece a idea principal dun texto. Incorpora palabras do nivel formal ao seu repertorio.** |
| **B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.** | LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.<br>LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc. | CCL, CMC CT | **Interpreta a información proporcionada en diagramas, gráficas, mapas conceptuais, fotografías, esquemas.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B2.3. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.** | LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.<br>LCLB2.3.2. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc. | CD | **Localiza libros e información na Biblioteca do centro e noutras fontes.** |
| **B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.** | LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.<br>LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas. | CSIE, CCL | **Fai borradores.**<br>**Usa o rexistro adecuado nas súas producións escritas. Respecta as normas ortográficas e gramaticais.** |
| **B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.** | LCLB2.5.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou académico e social, imitando textos modelo.<br>LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.<br>LCLB2.5.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos. | CCL, CCEC ,CMC CT,CD | **Escribe textos de diferente tipo imitando textos modelo.**<br><br>**Fai esquemas que sinteticen a información dun texto.** |
| **B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.** | LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.<br>LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.<br>LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas. | CCL | **Recoñece as categorías gramaticais.**<br>**Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais básicos.**<br>**Coñece e usa adecuadamente as formas verbais.** |
| **B3.2. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.** | LCLB3.2.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito. | CCL | **Diferencia denotación e connotación.** |
| **B3.3. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.** | LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito. | CCL | **Recoñece e usa sinónimos e antónimos** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B3.4. Recoñecer os cambios de significado que afectan a palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.** | LCLB3.4.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.<br>LCLB3.4.2. Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan o significado global das palabras: tabú e eufemismo. | CCEC | **Recoñece as metáforas, o tabú e o eufemismo.** |
| **B3.8. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.** | LCLB3.8.1. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia. | CSC | **Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia.** |
| **B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura.** | LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses. | CCL | **Le as obras de lectura propostas.** |
| **B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.** | LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.<br>LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal. | CCL, CSC | **Fai unha lectura expresiva fluída e axeitada.** |
| **B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.** | LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.<br>LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. | CCL, CCEC ,CAA | **Redacta textos literarios imitando modelos.** |
| **B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.** | LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).<br>LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | CCL, CAA | **Interpreta correctamente mensaxes informativos dos distintos medios de comunicación.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema e as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.** | B1.2.1. Recoñece,xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.<br>B1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | CCL, CAA | **Recoñece a idea xeral e os datos máis relevantes de textos orais do ámbito social e educativo.**<br>**Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía** |
| **B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade académica, tanto espontáneas como planificadas.** | LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).<br>LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. | CSC, CCL, CSIE | **Recoñece e emprega progresivamente as normas de cortesía na comunicación oral.** |
| **B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.** | LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.<br>LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.<br>LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminación. | CCL, CAA, CSIE E,CS C | **Identifica as ideas principais e as intencións comunicativas de noticias, reportaxes e crónicas.**<br>**Identifica e rexeita mensaxes prexuizosos ou discriminatorios.** |
| **B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.** | LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.<br>LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.<br>LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. | CCL, CAA, CCL, CCEC | **Respecta as características da prosodia galega.**<br>**Comprende e rexeita prexuízos asociados á pronuncia galega.** |
| **B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.** | LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.<br>LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).<br>LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).<br>LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico | CCL, CSC | **Constrúe textos orais en galego axeitados á situación e á intención comunicativa.**<br>**Emprega un léxico rico e variado.**<br>**Emprega fraseoloxía galega.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | rico e variado. | | |
| **B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.** | LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.<br>LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. | CD,C AA,C SIEE, CCL | **Usa as TIC para enriquecer as súas producións textuais.** |
| **B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.** | B1.8.1. Intervén e debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.<br>B1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.<br>B1.8.3. Expresa e compara con compañeiros/as a súa opinión sobre unha obra de lectura. | CCL, CSC, CAA | **Intervén de forma activa e adecuada en debates e coloquios da aula respecto de diferentes cuestións propostas.** |
| **B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.** | LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.<br>LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.<br>LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.<br>LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.<br>LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | CAA, CCL, CSC, CSIE E | **Elabora guións para facer presentacións orais breves, respectando os aspectos prosódicos e mellorando de forma progresiva o seu léxico e a súa linguaxe non verbal.** |
| **B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou académica.** | LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.<br>LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.<br>LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e | CCL, CSC, CSIE E,CC EC,C AA | **Participa en galego na clase en conversas non planificadas.**<br>**Aprecia as similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | espontáneos. | | |
| **B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.** | LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.<br>LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.<br>LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.<br>LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.<br>LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.<br>LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | CCL, CAA | **Sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas. Comprende a idea principal do mesmo.**<br>**Busca o significado do léxico descoñecido.** |
| **B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.** | LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.<br>LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.<br>LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar. | CCL, CSC | **Comprende textos da vida cotiá e das relacións sociais.**<br>**Comprende instrucións escritas. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar** |
| **B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias).** | LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).<br>LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. | CCL, CSC | **Comprende textos dos medios de comunicación e localiza a información destacada dos mesmos.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida académica, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.** | LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida académica, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.<br>LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. | CCL, CD,CAA | **Identifica os textos expositivos e instrutivos e as súas características.** |
| **B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.** | LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.<br>LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.<br>LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo. | CCL, CCA, CD, CAA | **Utiliza progresivamente distintas fontes de información e integra eses coñecementos nos seus escritos.**<br>**Coñece e utiliza os dicionarios.**<br>**Coñece e utiliza a biblioteca escolar.** |
| **B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.** | LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.<br>LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.<br>LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.<br>LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | CCL, CSC | **Expresa correctamente a súa opinión e respecta as alleas.**<br>**Detecta usos lingüísticos discriminatorios e recoñece prexuízos.** |
| **B2.7. Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.** | LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.<br>LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz. | CCL, CD | **Le en voz alta con corrección.** |
| **B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.** | LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.<br>LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e académico.<br>LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).<br>LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) | CCL | **Elabora esquemas sinxelos para estruturar o texto.**<br>**Revisa e corrixe as súas producións escritas.**<br>**Usa axeitadamente os signos de puntuación.**<br>**Usa correctamente o procesador de textos, programas de presentación e dicionarios electrónicos.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.<br>LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.<br>LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos. | | |
| **B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.** | LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | CCL, CD,CSC, | **Produce textos propios da vida cotiá.** |
| **B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).** | LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | CCL, CD,CSC | **Redacta noticias seguindo un modelo.** |
| **B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter académico: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares.** | LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter académico: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | CCL, CD, | **Produce textos académicos: resumos, explicacións, etc.** |
| **B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.** | LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.<br>LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | CCL, CD, | **Escribe textos narrativos e descritivos seguindo un modelo.**<br>**Resume textos narrativos e descritivos.** |
| **B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.** | LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos. | CD, CCL | **Utiliza correctamente procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.** |
| **B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.** | LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. | CCL, CSC, CCEC | **Valora a escritura como forma de coñecemento e transmisión.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.** | LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. | CCL, CCC | **Utiliza un vocabulario amplo e axeitado.** |
| **B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.** | LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. | CCL, CAA | **Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.** |
| **B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.** | LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. | CCL, CAA | **Sabe consultar dicionarios e obras de consulta.** |
| **B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.** | LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas. | CCL, CD | **Coñece e aplica as normas básicas que caracterizan os textos orais e escritos.** |
| **B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.** | LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. | CCL | **Aplica as normas ortográficas e gramaticais da lingua galega.** |
| **B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.** | LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. | CCL | **Utiliza de forma axeitada os signos de puntuación.** |
| **B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.** | LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.<br>LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade. | CCL, CAA | **Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.** |
| **B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.** | LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.<br>LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna. | CCL, CAA | **Identifica e usa correctamente conectores de espazo, oposición e contraste, e mecanismos de referencia interna.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.** | LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.<br>LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.<br>LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.<br>LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.<br>LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.<br>LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía. | CCL, CCEC ,CD | **Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.**<br>**Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas.**<br>**Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.**<br>**Coñece recursos de lecer e educativos en lingua galega.** |
| **B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.** | LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora. | CCL, CAA | **Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.** |
| **B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.** | LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.<br>LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.<br>LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.<br>LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.<br>LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.<br>LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía. | CCL, CSC, CCEC, CD | **Valora a lingua como instrumento de construción do saber e como medio de interrelación persoal e de sinal de identidade dun pobo.**<br>**Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.**<br>**Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.**<br>**. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.** | LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.<br>LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. | CCL | **Describe a situación sociolingüística de Galicia**<br>**Coñece e valora os topónimos galegos.** |
| **B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.** | LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.<br>LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | CCL, CSC | **Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.**<br>**Valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.** |
| **B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español.** | LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito académico e local. | CCL, CSC, | **Coñece a situación legal das linguas do Estado español.** |
| | | | |
| **B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.** | LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.<br>LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil.<br>LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.<br>LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | CCL, CSC | **Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.**<br>**Identifica na súa propia fala os trazos propios da xerga estudantil.**<br>**Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.** |
| **B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.** | LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.<br>LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | CCL | **Le fragmentos de obras literarias na aula e expón a súa opinión**<br>**Describe o uso de elementos propios de cada xénero.** |
| **B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.** | LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. | CCL | **Le e fai audicións de poemas, determina o tema principal e os principais recursos estilísticos.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.** | LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | CCL | **Le comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.** |
| **B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.** | LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.<br>LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | CCL | **Recoñece os principais xéneros e subxéneros literarios.** |
| **B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, ver pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.** | LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, ve pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | CCL | **LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, ve pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.** |
| **B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.** | LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | CCL | **Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as principais coincidencias e diferenzas.** |
| **B.5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.** | LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | CCL | **Analiza textos literarios, de maneira guiada.** |
| **B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.** | LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | CCL, CCEC | **Escribe textos sinxelos de intención estética.** |
| **B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.** | LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.<br>LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. | CCL, CCEC | **Identifica os trazos básicos da linguaxe cinematográfica en secuencias fílmicas.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.** | XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | CAA, CMC CT,CD | **Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.** |
| **B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.** | XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | CAA, CMC CT,CD ,CCL | **Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.** |
| **B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.** | XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.<br>XHB1.3.2. | CAA, CMC CT,CD ,CCL | **Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.<br>Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.** |
| **B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.** | XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.<br>XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | CAA, CMC CT,CD ,CCL | **Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.<br>Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.** |
| **B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.** | XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.<br>XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.<br>XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | CAA, CMC CT,CD ,CCL | **Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.<br>Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.** |
| **B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.** | XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | CAA, CMC CT,CD | **Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.** |
| **B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.** | XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.<br>XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | CAA, CMC CT,CS C,CD | **Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.** |
| **B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.** | XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.<br>XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | CAA, CMC CT,CS C,CD, CCL | **Explica as características da poboación europea.** |
| **B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.** | XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.<br>XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | CAA, CMC CT,CS C,CD, CCL | **Explica a pirámide de poboación de España e da súa comunidade, Galicia.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios** | XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | CAA, CMC CT,CS C,CD, CCL | **Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.** |
| **B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.** | XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.<br>XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | CAA, CMC CT,CS C,CD, CCL | **Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas e di a que país pertencen.** |
| **B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.** | XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.<br>XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | CAA, CMC CT,CS C,CD, CCL | **Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.** |
| **B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.** | XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.<br>XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | CAA, CMC CT,CS C,CD, CCL | **Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.** |
| **B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.** | XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.<br>XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | CSC, CAA | **Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.**<br>**Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, materiais ou textuais.** |
| **B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.** | XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.<br>XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | CSC, CMC CT | **Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables.**<br>**Realiza eixes cronolóxicos.** |
| **B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).** | XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | CSC, CMC CT | **Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.** |
| **B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión,** | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | CSC, CCL | **Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **inseríndoo no contexto adecuado.** | | | **época.** |
| **B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.** | XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | CSC, CAA | **Entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.** |
| **B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.** | XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | CSC, CAA | **Compara as formas de vida (en aspectos fundamentais) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos.** |
| **B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.** | XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | CSC | **Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.** |
| **B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.** | XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.<br>XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Ándalus na Idade Media. | CSC, CCEC ,CMC CT,CC L | **Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.**<br>**Explica a importancia de Al- Ándalus na Idade Media.** |
| **B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al- Ándalus.** | XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.<br>XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | CSC, CAA | **Interpreta mapas dos procesos de conquista e repoboación cristiás.**<br>**Coñece o Camiño de Santiago, a súa orixe e importancia.** |
| **B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.** | XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | **CSC, CCEC ,CCL** | **Describe características principais da arte románica, gótica e islámica.** |

## 10.2. CONTIDOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E TEMPORALIZACIÓN.

Dispoñemos de, aproximadamente, 100 sesións trimestrais de traballo. En cada sesión traballaremos integradamente varias competencias e procuraremos distribuír o tempo da seguinte maneira, segundo as materias incluídas no ámbito:

- Lingua Castelá e Literatura: 2 sesións semanais de 50 minutos.
- Lingua e Literatura Galega: 2 sesións semanais de 50 minutos.
- Xeografía e Historia: 2 sesións semanais de 50 minutos.
- Lectura comprensiva en voz alta e/ou guía das lecturas obrigatorias: 1 sesión de 50 minutos.
- Repaso dos contidos : 1 sesión semanal de 50 minutos.
- Traballos de investigación que relacionen os contidos traballados: 1 sesión semanal de 50 minutos.

Como diximos anteriormente, non se pretende que as materias sexan compartimentos estancos, como de feito non son, senón que se irán relacionando os contidos de todas elas nas distintas sesións de traballo durante todo o curso. A distribución en sesións axuda a que o alumnado se organice e vexa de forma clara que se está a priorizar en cada momento. Será labor da profesora irlles mostrando o camiño para tender pontes entre os distintos contidos, de xeito que a final de curso eles mesmos perceban que todas as competencias traballadas nas distintas sesións están fortemente vinculadas.

As sesión concretas asociadas ao traballo de determinados contidos están explicitadas na táboa do apartado. Moitos dos contidos incluídos no programa serán traballados de forma continuada durante todo o curso ( corrección ortográfica, comprensión e expresión oral e escrita, manexo de terminoloxía histórica e artística, consulta de fontes….) polo que non é posible asignarlles un número determinado de sesións.

| Bloques | Obxectivos | Contidos | Actividades de aprendizaxe | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| LINGUA CASTELÁ E LITERATURA / LINGUA E LITERATURA GALEGA | | | | |
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar** | h,m | B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, académico ou escolar, e social. | Audicións | **Durante todo o curso.** |
| | h,m | B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e textos argumentativos. Diálogo. | Realización e avaliación de exposicións, descricións, narracións, argumentacións e diálogos | **Durante todo o curso.** |
| | h,m | B1.3. Escoita activa e cumprimento das normas básicas que favorecen a comunicación. | Participación nas actividades da aula de forma activa cumprindo as normas básicas de comunicación. | **Durante todo o curso.** |
| | h | B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais. | Comprensión e produción de distintos textos orais con atención á linguaxe verbal e non verbal. | **Durante todo o curso.** |
| | g,h | B1.5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva. | Realización dunha exposición oral de tipo expositivo sobre un tema de libre elección.<br>Intervención activa nas prácticas diarias da aula | **3**<br>**Durante todo o curso.** |
| | a,d,g | B1.6. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.<br>B1.7. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación. | Participación activa na actividade diaria da aula.<br><br>Dramatización de situación da vida real (entrevista de traballo, petición de información…) | **Durante todo o curso.**<br><br>**4** |
| | d,e,h,l,o, | B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. | Visualización dun informativo na clase. Análise.<br>Busca das 6w dunha noticia.<br>Lectura do xornal en papel ou online, selección dun texto xornalístico semanal e reflexión sobre o mesmo. | **3**<br>**3**<br>**Durante todo o curso.** |
| | a,c,d,e,h | B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas | Análise de mensaxes publicitarias e informativas. | **5** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | h,p, | B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | Realización de lecturas expresivas.<br>Escoita de realizacións orais con distinta fonética e recoñecemento das variades. | **Durante todo o curso.**<br><br>**2** |
| **Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir** | b,h | B2.1. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos. | Lectura comprensiva.<br>Lectura e suliñado.<br>Buscas no dicionario de palabras clave. | **Durante todo o curso.** |
| | b,h,l | B2.2. Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos argumentativos. | Análise de textos recoñecendo a súa intención e a clase a que pertencen. | **Durante todo o curso.** |
| | b,e,h | B2.3. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información. | Xogo por equipos de "Busca do tesouro" na Biblioteca.<br>Consulta e aproveitamento de fontes de documentación. | **3** |
| | g,h | B2.4. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso. | Utilización da linguaxe escrita en tarefas de aprendizaxe, elaboración de esquemas, guións, resumos... | **Durante todo o curso.** |
| | e,h,i,l | B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, académico ou escolar, e social.<br>B2.6. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, e escritura de textos dialogados. | Creación de textos de diversa tipoloxía e en diferentes soportes sobre experiencias persoais, sociais ou académicas. | **Durante todo o curso.** |
| **Bloque 3. Coñecemento da lingua** | b,h | B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.<br>B3.2.Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais do galego e do castelán, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz. | Emprego, identificación e análise morfolóxica das categorías gramaticais.<br>Manipulación de textos para reflexionar sobre a lingua.<br>Actividades de corrección ortográfica de distinto tipo: ditados, actividades específicas, xogos e encrucillados interactivos… | **15**<br><br>**10** |
| | b,h | B3.3. Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación. | Actividades de recoñecemento e uso do emprego do significado denotativo e connotativo. | **2** |
| | h | B3.4. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras. | Actividades de recoñecemento das distintas relacións semánticas. | **4** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | h,n | B3.5. Observación, reflexión e explicación dos cambios que afectan o significado das palabras: causas e mecanismos.<br>Metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos. | Actividades sobre cambio semántico e os seus tipos.<br>Elaboración dun mural visual con palabras que foron mudando o seu significado ao longo da historia. | **2**<br>**2** |
| | h | B3.6. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | Análise das propiedades de varios textos, atendendo ao uso dos conectores e dos mecanismos de referencia.<br>Actividades de uso dos distintos conectores. | **3**<br>**3** |
| | b,e,l | B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. | Exercicios varios de léxico e vocabulario.<br>Produción de textos con especial atención ao uso dun léxico amplo. | **9**<br>**Durante todo o curso.** |
| | a,h,i,o,p | B3.9. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático. | Realización dun mapa coa situación lingüística española.<br>Lectura de textos que reflictan as distintas variedades da lingua. | **2**<br>**Durante todo o curso.** |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | b, l, e | B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. | Actividades específicas de léxico e ampliación de vocabulario | **6** |
| | a,d,e | B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. | Explicación e actividades de recoñecemento dos distintos fonemas do galego.<br>Audición de textos orais pertencentes a distintas áreas fonéticas. | **2**<br>**1** |
| | b,e,h | B.3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | Elaboración de folletos, murais, recensións, etc. | **6** |
| **Bloque 4. Educación literaria** | h,l,n,c | B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | Lectura obrigatoria de, polo menos, unha obra en galego e outra en castelán por avaliación.<br>Lecturas e análise de fragmentos literarios na clase. | **Durante todo o curso.** |
| | h,l,n | B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención | Xogos de creación literaria: dados narrativos, cadáver exquisito, creación dun poema vangardista… | **8** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | lúdica e creativa. | | |
| | h,l | B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos. | Análise de textos poéticos e cancións contemporáneas, traballando aspectos como a rima, o ritmo, o contido… | **4** |
| | h,l | B.5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | Lectura comprensiva de fragmentos dos distintos xéneros e análise dos mesmos. | **10** |
| **Bloque 5. Lingua e sociedade** | o,p | B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>B4.3. A Lusofonía. | Realización do mapa da Lusofonía<br>Elaboración dun mural cunha expresión de saúdo habitual en distintos idiomas. | **1**<br>**2** |
| | o,p | B4.4. Situación sociolingüística do galego. | Explicación de conceptos fundamentais e análise de gráficas e estatísticas sobre o uso do galego. | **3** |
| | o,p | B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | Visualización de distintos vídeos creados por institucións e por centros educativos sobre o uso do galego.<br>Investigación sobre a presenza do galego no centro. | **1**<br>**2** |
| | m.,p. | B4.6. Situación legal das linguas do Estado español. | Elaboración dun mapa lingüístico de España distinguindo aquelas linguas que están recoñecidas como oficiais e as que non. | **1** |
| XEOGRAFÍA E HISTORIA | | | | |
| **Bloque 1.O medio físic** | b,e,f,g | B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. | Xogos co atlas e aplicación interactivas para localizar cidades. | **4** |
| | b,e,f,g,h | B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | Exposición e realización de esquema. | **2** |
| | b,e,f,g,h | B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | Realización dun mapa e actividades interactivas. | **3** |
| | b,e,f,g,h | B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | Realización dun mapa e actividades interactivas. | **3** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| o | b,e,f,g,h | B1.5. Clima: elementos e factores.<br>Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | Exposición e realización de esquema.<br>Realización dun mapa climático da Península e de Galicia | **2**<br>**3** |
| | b,e,f,g,m | B1.6. Diversidade de paisaxes.<br>Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | Exposición e realización de esquema.<br>Realización dun mapa. | **2** |
| | b,e,f,g,h, m,o | B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | Exposición e realización de esquema.<br>Creación dun cartel cos principais problemas ambientais: contaminación atmosférica, lumes, plásticos… | **2**<br>**2** |
| **Bloque 2. O espazo humano** | b,c,e,f,g | B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios. | Exposición e realización de esquema.<br>Realización de mapas. | **2**<br>**2** |
| | b,c,e,f,g,h | B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | Exposición e realización de esquema. | **2** |
| | b,c,e,f,g,h | B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | Exposición e realización de esquema.<br>Visualización do filme “Un franco, 14 pesetas”con guía de traballo. | **2**<br>**3** |
| | b,c,e,f,g,h | B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | Exposición e realización de esquema.<br>Investigación nas propias familias sobre as pegadas da emigración.<br>Lectura de contos de Castelao con temática de emigración. | **4**<br>**2**<br>**2** |
| | b,c,e,f,g,h, o | B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | Exposición e realización de esquema.<br>Realización en pequenos grupos dun folleto informativo sobre unha cidade galega. | **2**<br>**6** |
| | b,c,e,f,g,h, m,o | B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | Exposición e realización de esquema. | **2** |
| | b,c,e,f,g,h, m,o | B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | Realización dun mapa paisaxístico de España e Galicia | **5** |
| | b,c,e,f,g,h, m,o | B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | Busca de información e exposición de traballos en pequenos grupos sobre os principais problemas atopados. | **8** |
| **B lo q** | f, l, ñ | B3.1. Recoñecer que o pasado non está “morto e enterrado”, senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | Reflexión sobre os elementos materiais e inmateriais que quedan do pasado na nosa contorna. | **2** |
| | g,l,o | B3.2. Fontes históricas. | Elaboración dun mural explicativo das distintas fontes históricas. | **3** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ue 3. A historia | f,l,o | B3.4. Tempo histórico. | Xogos co eixe cronolóxico<br>Reflexións sobre o calendario. | **2** |
| | l,h,o | B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | Elaboración dun glosario básico.<br>Identificación de elementos artísticos en distintas fotografías. | **5**<br><br>**3** |
| | g,l | B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | Exposición e realización de esquema<br>Lectura de textos e actividades. | **2**<br>**2** |
| | a,c,d,g,l | B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | Exposición e realización de esquema.<br>Lectura de textos<br>Realización de cuestionarios | **2**<br><br>**1**<br>**2** |
| | a,c,d,g,l | B3.8. Feudalismo. | Exposición e mapa conceptual.<br>Lectura de textos<br>Realización de cuestionarios interactivos. | **2**<br>**1**<br>**1** |
| | a,c,d,f,h,l,n | B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | Visualización do documental "Al Andalus" | **2** |
| | g,h,l,n,o | B3.10. Reconquista e repoboación. | Realización de mapas que recollan o proceso de reconquista. | **3** |
| | j | B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | Documental sobre a peste negra e guía de traballo. | **2** |
| | l,h,n,o | B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | Realización, en pequenos grupos, de murais ilustrativos dos distintos movementos artísticos, dixitais ou en papel. | **8** |

## 10.3. LECTURAS OBRIGATORIAS.

As obras seleccionadas de lectura obrigatoria son:

Lingua Castelá:

*Nata y chocolate,* Alicia Borrás Sanjurjo.
*El medallón perdido*, Ana Alcolea.
Selección de contos tradicionais e autorais proporcionada pola profesora.

Lingua Galega:
*Cartas de inverno,* Agustín Fernández Paz.
*Atranco no banco*, Manuel Núñez Singala.
Selección de contos tradicionais e autorais proporcionada pola profesora.

## 10.4. LIÑAS METODOLÓXICAS.

Os PMAR son unha medida de atención á diversidade e isto implica tamén un tratamento particular dos contidos. No apartado anterior, fixemos unha selección dos mesmos atendendo á súa utilidade para acadar aprendizaxes posteriores. O modo de presentar estes contidos non debe prestarse a confusión, xa que o que se pretendeu foi situar as competencias básicas como eixo vertebrador ao redor do cal xiran obxectivos e contidos e non priorizar uns sobre os outros. Daremos prioridade a aqueles contidos que axuden ao alumnado, polo tanto, a desenvolver as súas competencias básicas e que serán fundamentais para a adquisición de aprendizaxes posteriores.

A presentación de contidos xirará arredor de grandes bloques (que transcenden as "materias" propiamente ditas) dun xeito globalizador ou interdisciplinar. Por esta razón, como é lóxico deducir, cando o alumnado estea traballando un bloque estará traballando simultaneamente na consecución de varias competencias básicas e tamén as diferentes materias que ten como referencia este ámbito ( linguas e ciencias sociais).

A participación activa do alumnado do xeito máis adecuado para a actividade que se estea a desenvolver nese momento ( individual ou en grupo, por exemplo) será o criterio fundamental a ter en conta no desenvolvemento do traballo diario. Por outra banda, e tendo en conta o obxectivo último, que se

dirixe a conseguir a “competencia” do alumnado, priorizarase o traballo por proxectos, buscando exercicios que sitúen ao alumnado nunha situación que podería ser real. Por exemplo: organización dunha viaxe. Pensemos que o desenvolvemento de competencias esíxenos como docentes que busquemos situacións próximas ao alumnado para que estes poidan aplicar en diferentes contextos os contidos destas competencias ( saber, saber facer, saber ser e saber estar). Esta práctica é esixente tamén co alumnado xa que lle pide a este que interactúe en situacións variadas e que constrúa unha serie de esquemas que lle sirvan para aprender por si mesmo.

## 10.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO.

Existen unha serie de criterios de avaliación específicos deste ámbito que enumeramos a continuación:

- Utiliza as linguas galega e castelá oralmente e por escrito, da forma máis axeitada á situación comunicativa.
- Utiliza as linguas galega e castelá oralmente e por escrito para elaborar todo tipo de producións (argumentacións, exposicións, planificación de tarefas, instrucións, etc.) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
- Interpreta e analiza textos dos medios de comunicación, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal, tanto en formato papel como dixital.
- Comprende os libros de lectura propostos.
- Comprende e elabora textos do ámbito académico, incluídos webs educativos, información de dicionarios e enciclopedias e glosarios en diversos soportes.
- Coñece o vocabulario básico relacionado coas relacións sociais.
- Substitúe palabras polos sinónimos ou antónimos.
- Distingue nun texto os artigos, substantivos, adxectivos, determinantes…
- Utiliza produtivamente os dicionarios especializados.
- Coñece e aplica con corrección as regras ortográficas básicas.
- Sitúa no tempo e no espazo períodos, feitos, lugares e procesos históricos relevantes.
- Recoñece os trazos sociais, económicos, políticos, relixiosos, culturais e artísticos que caracterizan a Europa feudal a partir das funcións desempeñadas polos diferentes estamentos sociais e coñece a súa evolución ata a aparición do Estado moderno.
- Identifica as características básicas que dan lugar aos principais estilos artísticos da Idade media e a Idade Moderna, contextualizándoas na etapa na que tiveron a súa orixe, e aplica este coñecemento á análise dalgunhas obras de arte relevantes e representativas destes.

- Describe os factores que condicionan os comportamentos demográficos coñecendo e utilizando os conceptos básicos da demografía para a súa análise, caracterizando as tendencias predominantes e aplicando este coñecemento á análise dos actuais réximes demográficos español e galego, e as súas consecuencias.
- Identifica os trazos característicos da sociedade española actual, e da sociedade galega en particular, distinguindo a variedade de grupos sociais que a configuran.
- Coñece e valora o aumento da diversidade que xera a inmigración, recoñecendo a súa pertenza ao mundo occidental e expoñendo algunha situación que reflicta desigualdade social.
- Analiza o crecemento das áreas urbanas, a diferenciación funcional do espazo urbano e algún dos problemas que se lles formulan aos seus habitantes, aplicando este coñecemento a exemplos de cidades españolas e galegas.
- Sitúa no mapa as principais cidades de España e Galiza, os elementos máis importantes do medio físico e os espazos naturais.
- Sistematiza e ordena a información citada nos puntos de avaliación anteriores nun caderno que lle servirá como guía para o traballo e o estudo.

## 10.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ESPECÍFICOS

As probas escritas e/ou orais constituirán o **70%** da nota da avaliación. Este 70% da nota correspondente ás probas escritas e/ou orais será resultado da media ponderada de todas as probas realizadas. A ponderación reflectirá a avaliación de contidos dos diferentes bloques do ámbito, tendo un peso do 45% os contidos lingüísticos (LCL e LGL) e un 20% os de Xeografía e historia.

As diversas producións do alumnado ao longo de cada avaliación (como a elaboración de noticias, traballos de investigación, resumos, elaboración de textos de escritura creativa, dramatizacións, exposicións orais, etc…) constituirán o **10%** da nota.

A observación e rexistro da participación activa na aula e a realización das tarefas encomendadas na aula ou para a casa aportarán outro **10%.**

Por último, o **10%** restante recaerá nas probas de comprobación de lectura.

Así mesmo, a cualificación do alumno ou alumna para cada unha das avaliacións poderase ver incrementada ata un punto pola lectura de obras complementarias unha vez que estas sexan avaliadas positivamente no prazo establecido polo profesor ou profesora correspondente.

A nota da **avaliacion final** será, por tanto, o resultado da media aritmética das tres avaliacións anteriores, estando o aprobado no 5.

Unha vez coñecida a nota da 3ª avaliación, o alumnado cuxa nota media non sexa de 5, terá a posibilidade de facer unha proba escrita que servirá para recuperar as competencias clave non adquiridas ata ese momento. No caso de suspender unha avaliación, o exame corresponderase cos contidos da avaliación suspensa; no caso de suspender dúas ou máis avaliacións o exame será de toda a materia.

**Entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado realizará actividades de reforzo, apoio e ampliación.**

Aquela parte do alumnado que aínda non teña superada a materia realizará unha 2ª proba escrita que servirá para recuperar as competencias non adquiridas. A proba puntuará de 0 a 10 e será necesario un 5 para aprobar. **Neste caso a nota final será a acadada en devandita proba.**

# 11.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO.

**2º ESO**

A materia de lingua castelá de 2º de ESO traballará os elementos transversais integrándoos nun ensino destinado fundamentalmente ao desenvolvemento das diferentes competencias. A materia fará especial fincapé nos seguintes elementos transversais:

- A **comprensión lectora e a expresión oral e escrita** (o propio carácter da materia favorece o traballo nestes campos): a lectura de fragmentos de obras literarias da literatura xuvenil ou universal, a lectura de obras completas así como de textos de diferente tipoloxía procedentes dos medios de comunicación axudarán notablemente ao afondamento destes aspectos.
- A **comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación**: o análise de producións en formato dixital e a elaboración de materiais propios por parte do alumnado completarán a súa formación tanto no campo das TIC como no da comunicación audiovisual.
- O **emprendemento**: o desenvolvemento de procesos creativos individuais e en grupo fomentarán a iniciativa persoal.
- A **educación cívica e constitucional**: a participación en diálogos contribuirá a promover a resolución pacífica de conflitos nos ámbitos da vida persoal, familiar e social; do mesmo xeito, a intervención en debates axudará a aportar valores que defendan a igualdade, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. A materia de lingua castelá préstase ao uso reflexivo da linguaxe de maneira que favoreza os comportamentos

non sexistas e que eviten os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou de algún tipo de discapacidade.

**4º ESO**

Mediante a lectura de fragmentos ou obras completas da literatura española e universal do século dende o século XIII ao século XX, e o seu posterior análise crítico de ideas , a materia de Lingua e Literatura de 4º ESO traballa de xeito directo e reflexivo a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.

Neste nivel se traballará especialmente as seguintes ensinanzas transversais:

- A **comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación** mediante a elaboración de traballos en soporte dixital, presentación de traballos e o análise de producións audiovisuais en grupo e individualmente.
- O **emprendemento**: o desenvolvemento de procesos creativos individuais e en grupo fomentarán a iniciativa persoal.
- A **educación cívica e constitucional**: participación en diálogos e debates manifestando respecto e tolerancia e valorando as intervencións dos outros. Fomentarase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por calqrespecto ao Estado de dereito e de consideración ás vítimas do terrorismo)e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.uera condición ou circunstancia persoal ou social. Tamén se traballará a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista de calquera foma de violencia, racismo ou xenofobia.

**2º BACH**

Mediante a lectura de fragmentos ou obras completas da literatura española e universal e o seu posterior análise crítico de ideas , a materia de Lingua e Literatura de 1º BACH. traballa de xeito directo e reflexivo a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.

De entre as ensinanzas transversais, a materia de Lingua e Literatura de 1º BACH. fará especial fincapé nos seguintes aspectos:

- **Evitar os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos** que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade

de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

- Desenvolver a **igualdade** efectiva entre homes e mulleres.
- Previr calquera forma de **violencia**: de xénero, contra as persoas con discapacidade, do terrorismo…
- Evitar a **discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social e actitudes de racismo ou xenofobia.
- Traballar a **resolución** pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Incidir nos **valores** que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humano
- Favorecer a **creatividade**, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- En todos os cursos, en consonancia co recollido na programación en relación ao tratamento integrado de linguas e tendo en conta as directrices establecidas no **Proxecto lingüístico de centro**, aprobado en CE 29/6/2018 (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/1108), en relación ás **"Liñas xerais de actuación para o fomento da Lingua galega e o plurilingüismo",** este departamento realizará actividades para dar visivilidade e valorar a riqueza lingüística e multicultural do centro. Así mesmo, terá como obxetivos os que seguen:

    - Tratar os estereotipos e prexuízos referentes ás linguas e os seus falantes de xeito transversal a partir dos textos empregados na aula e nas biografías lingüísticas dos discentes.

    - Seguir colaborando na elaboración e posta en marcha dun proxecto TIL (Tratamento Integrado das Linguas) iniciado ao longo do curso pasado.

Con respecto ao **Plan de convivencia** do centro, este departamento seguirá as súas directrices e colaborará nas actividades que se organicen no centro e que fomenten a educación en valores: Xornada pola eliminación da violencia de xénero, Día internacional da muller, Día da Declaración universal dos dereitos humanos, Día internacional da paz…

## 12.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Trataranse o seguintes aspectos:

- Lectura en voz alta coidando a vocalización e a prosodia en función do tipo de texto.
- Comentario oral dos significados, connotacións e sentidos do texto, así como dos seus posibles referentes literarios.
- Relación do texto con aspectos gramaticais e ortográficos traballados no curso.
- Actividades de comprensión e de expresión escritas diseñadas a partir das suxerencias que ofreza o texto.
- Consulta de dicionarios, con especial atención ao dicionario dixital da RAE.
- Visitas a páxinas web ou blog personal de autores.

- **2º ESO**
    - No primeiro trimestre realizarase a lectura de textos dialóxicos, narrativos, descritivos e expositivos, nos que a lectura en voz alta serve para dar pé á reflexión sobre o contido e a forma, e compleméntase coa recreación e creación de textos propios.

    - No segundo trimestre a lectura centrarase nos textos normativos, instrutivos, argumentativos e xornalísticos (noticia, reportaxe, crónica), nos que a lectura en voz alta alta serve para dar pé á reflexión sobre o contido e a forma, e compleméntase coa recreación e creación de textos propios.
    - No terceiro trimestre leranse textos pertencentes aos distintos xéneros e subxéneros literarios nos que a lectura en voz alta serve para dar pé á reflexión sobre o contido e a forma, e compleméntase coa recreación e creación de textos propios.
    -
- **4º ESO**
    - Comprensión e análise de textos non literarios: traballarase con textos xornalísticos, publicitarios, expositivos, argumentativos… Fomentarase a utilización das catro destrezas básicas: saber ler, saber escribir, saber escoitar e saber falar, porque a partir da lectura dos textos o alumnado dará a súa opinión tanto de forma oral coma escrita. Realizarase o comentario guidado con preguntas, tratando de que o alumnado se achegue ao texto cada vez máis profundamente e desenvolva un pensamento crítico.

    - Comprensión e análise de textos literarios: aproveitarase a conexión entre a teoría e a práctica para proceder á lectura e análise de textos literarios que conecten co que están estudando os alumnos nese momento.

O alumnado deberá facer unha **lectura persoal por trimestre**, proposta polo docente, quen proporá actividades para avaliar o grao de comprensión do texto e a súa capacidade de reflexión sobre os temas suscitados explícita ou implícitamente por este. Este curso son as que seguen:

**2º ESO**

- César Mallorquí, *El último trabajo del señor Luna*. Ed. Edebé.
- Marina Mayoral, Tristes armas, Ed. Anaya
- Lorca, *La zapatera prodigiosa,* Ed. Austral

**4º ESO**

- G. A. Bécquer, *Leyendas,* Ed. Cátedra
- Lorca, *La casa de Bernarda Alba,* Ed. Austral
- Carmen Laforet, *Nada,* Ed. Austral

**No Bacharelato** o proxecto lector vai *integrado* no currículo das nosas materias dado que en LCL traballanse todo tipo de textos . Ademais, fixaranse os seguintes libros como de lectura obrigatoria:

**2º BACHARELATO**

- F. García Lorca, *Romancero gitano.*
- Almudena Grandes, *El lector de Julio Verne*.
- A. Buero Vallejo, *La Fundación.*
- G. García Márquez, *Crónica de una muerte anunciada.*

# 13.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Desde a programación do noso Departamento o uso das TIC enténdense no só como un soporte para determinados compoñentes e ferramentas de aplicación na clase, senón pola súa función básica para a personalización da aprendizaxe e pola conexión cos hábitos e experiencias das novas xeracións de alumnos. A aproximación ás TIC lévase a cabo tanto desde unha perspectiva analítica coma práctica.

En todos os cursos e niveis empregaranse as seguintes estratexias para a incorporación das TIC na aula.

- *Libro Dixital Interactivo:* Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, enlaces, animacións…

- *Caderno Dixital Interactivo:* Caderno que incorpora recursos multimedia e unha selección de recursos educativos.
- *Actividades Interactivas:* O alumno/a responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta, etc. Ó finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáselle a oportunidade de correxilos.
- *Enlaces a Internet:* Colección de enlaces a Internet de alto interese: applets*,* simulación de modelos, recursos de lingua *online*, explicacións complementarias, actividades, curiosidades, etc.
- *Vídeos:* Colección de fragmentos de vídeos que serven de soporte a contidos do libro do alumno.
- *Animacións:* Favorecen unha maior comprensión dos contidos pola súa visualización.

# 14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

**2º ESO**

- Libro do alumno: *Lengua y literatura ESO 2,* VV.AA., Ed. Edebé, 2016
- Libro Dixital Interactivo.
- Caderno Dixital Interactivo.
- Biblioteca de Recursos.
    - Recursos para a aula:
    - *Ferramentas TIC.*
    - *Dicionarios e enciclopedias.*
    - *Libros de lectura.*
- Material para traballar a Educación emocional.
- Proxectos de Aprendizaxe e servizo.
- Xenerador de avaliacións.
- Portfolio e e-portfolio.
- Ordenador e pizarra dixital.

- Material manipulable e experimental propio da materia.

**4º ESO**

- Libro do alumno: *Lengua y literatura ESO 4,* VV.AA., Ed. Edebé, 2016
- Libro Dixital Interactivo.
- Caderno Dixital Interactivo.
- Biblioteca de Recursos.
- Recursos para a aula:
- Ferrametas TIC.
- Dicionarios e enciclopedias.
- Libros de lectura.
- Material para traballar a Educación emocional.
- Proxectos de Aprendizaxe e servizo.
- Xerador de avaliacións.
- Portfolio e e-portfolio.
- Ordenador e pizarra dixital.
- Material manipulable e experimental propio da materia.

**2º BACHARELATO**

- Apuntamentos proporcionados pola profesora, atendendo así á proposta de mellora recollida na memoria do curso pasado.
- Libro Dixital Interactivo.
- Caderno Dixital Interactivo.
- Biblioteca de Recursos.
- Recursos para a aula:
- *Ferrametas TIC.*
- *Dicionarios e enciclopedias.*
- *Libros de lectura.*
- Portfolio e e-portfolio.
- Ordenador e pizarra dixital.
- Material manipulable e experimental propio da materia.

## 15. SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

O alumnado que teña suspensas as materias de Lingua castelá e Literatura de cursos anteriores poderá recuperala realizando unha serie de actividades propostas e entregalas no prazo establecido (20% da nota da avaliación), así como superar tres probas escritas, unha en cada avaliación (80% da nota da avaliación). Dita proba será consensuada polas profesoras que imparten clase no mesmo nivel, terá lugar na semana anterior ás avaliacións e seralles comunicada persoalmente e a través da aula virtual.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións e terá que ser igual ou superior a 5 para recuperar a materia pendente.

No caso de que a media aritmética das tres avaliacións sexa inferior a 5, o alumnado realizará unha proba de recuperación final antes da avaliación ordinaria. Esta proba cualificarase de 0 a 10 e considerarase superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

**No caso do Bacharelato** haberá outra proba de recuperación sobre todos os contidos da materia pendente que terá

lugar antes da avaliación extraordinaria. Considerarase superada a materia cando a nota desa proba sexa igual ou superior a 5.

## 16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE.

Como indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe establécense os seguintes:

| | INDICADORES | VALORACIÓN | | | | | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |
| **Planificación da clase** | Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das claes | | | | | | |
| | 1. Programa a asignatura tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento. | | | | | | |
| | 2. Existe unha distribución temporal equilibrada. | | | | | | |
| | 3. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | | | | | |
| | 4. Adecúa o desenvolvemento da clase ás características do grupo. | | | | | | |
| | 5. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas. | | | | | | |
| | 6. Ten en conta a interdisciplinariedade en actividades, tratamento dos contidos | | | | | | |
| | 7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afines a súa asignatura. | | | | | | |
| **Motivación do alumnado** | 8. Prantea situacións que introduzan a diversidade de estratexias (lecturas, debates, diálogos…) | | | | | | |
| | 9. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas. | | | | | | |
| | 10. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado. | | | | | | |
| | 11. Estimula a participación activa dos estudantes en clase. | | | | | | |
| | 12. Promove a reflexión dos temas tratados. | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Medidas de atención á diverisdade** | 13. Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe. | | | | | | |
| | 14. Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. | | | | | | |
| | 15. As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes. | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 16. Aplícanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendoaos informes psicopedagóxicos. | | | | | | |
| Desenvolvemento da ensinanza | 17. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas… | | | | | | |
| | 18. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | | | | | |
| | 19. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fora das clases. | | | | | | |
| | 20. Optimiza o tempo dispoñible para el desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | | | | | |
| | 21. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula. | | | | | | |
| | 22. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluído cos estudantes. | | | | | | |
| | 23. Desenvolve los contidos dunha forma ordeada e comprensible para o alumnado. | | | | | | |
| | 24. Plantexa actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | | | | | |
| | 25. Plantexa actividades grupais e individuais. | | | | | | |
| Seguimento e avaliación | 26. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel de los estudantes. | | | | | | |
| | 27. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | | | | | |
| | 28. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fora dela. | | | | | | |
| | 29. Proporciona a información necesaria sobre la resolución das tarefas e como pode melloralas. | | | | | | |
| | 30. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e da pautas para a mellora da súas aprendizaxes. | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 31. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos. | | | | | | |
| | 32. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | | | | | |
| | 33. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente. | | | | | | |
| | 34. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | | | | | |
| | 35. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc | | | | | | |
| | 36. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | | | | | | |

CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

O departamento empregará a seguinte táboa como pauta de valoración e revisión da programación didáctica en cada un dos cursos e niveis ao longo do curso e sobre todo a finais de cada avaliación. Os resultados destas valoracións teranse en conta nas vindeiras programacións didácticas co obxectivo de mellorar a nosa práctica docente.

| ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | RESULTADOS ACADÉMICOS | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|
| Preparación da clase e materiais didácticos | ▪ Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.<br>▪ A distribución temporal é equilibrada.<br>▪ O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.<br>▪ Empréganse materiais variados. | |

| | | |
|---|---|---|
| | ▪ Os materiais empregados favorecen o desenvolvemento das competencias clave e a transferencia das aprendizaxes do entorno escolar ao socio-familiar. | |
| Utilización dunha metodoloxía adecuada | ▪ Tense en conta a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento de contidos…).<br>▪ Foméntase a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno.<br>▪ Inclúese o traballo de competencias e intelixencias múltiples.<br>▪ Contemplánse medidas de atención ao alumnado que precise reforzo ou ampliación de contidos.<br>▪ Foméntase a educación en valores.<br>▪ Favorécese a participación activa do alumnado e estimúlase a implicación na construción das súas propias aprendizaxes. | |
| Regularización da práctica docente | ▪ Grao de seguimento do alumnado.<br>▪ Actividades orientadas ao desenvolvemento de capacidades e competencias.<br>▪ Validez dos recursos utilizados.<br>▪ Elección apropiada dos libros de lectura.<br>▪ Consenso dos criterios de cualificación.<br>▪ Consenso nos criterios de corrección e na súa aplicación[1]<br>▪ Grao de coñecemento da programación didáctica por parte do alumnado; en especial dos criterios de cualificación e dos mínimos esixibles. | |

Así mesmo, velarase polo axuste e calidade da programación a través do seguimento dos seguintes indicadores:

---

[1] **A este respecto, realizouse fai dous cursos unha proba por competencias en 1º de ESO que demostrou que é un aspecto no que temos que seguir traballando.**

- Recoñecemento e respecto polas disposicións legais que determinan os seus principios e elementos básicos.
- Adecuación da secuencia e distribución temporal das unidades didácticas.
- Integración das competencias cos contidos da materia.
- Avaliación do tratamento da educación en valores.
- Valoración das técnicas e instrumentos utilizados na avaliación do alumnado.
- Pertinencia dos criterios de cualificación.
- Idoneidade dos materiais e recursos didácticos utilizados.
- Adecuación das actividades extraescolares e complementarias programadas.
- Detección dos aspectos mellorables e indicación dos axustes que se realizarán en consecuencia.

A avaliación do proceso de ensinanza terá un carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir as modificacións oportunas que nos permitan a mellora do proceso de forma continua.

## 17.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste curso temos previsto realizar, entre outras, as seguintes actividades extraescolares e complementarias:

- Organización de obradoiros de escritura creativa nas aulas.
- Asistencia a representacións teatrais.
- Organización posta en marcha de conferencias sobre algún autor.
- Organización de charlas a cargo de autores/as, periodistas...
- Celebración do Día da poesía.

- Visitas organizadas a casas-museo de autores/as relevantes da nosa literatura.

De momento podemos concretar as seguintes actividades (non podemos concretar máis as datas xa que dependemos da súa axenda):

| Actividade | Obxectivos | Destinatarios | Datas |
|---|---|---|---|
| Encontro con Sonia Mirón. | ▪ Reflexionar sobre aspectos relacionados coa novela, en especial en relación á temática e aos valores que trasmite.<br>▪ Coñecer o proceso de creación artística | 3º ESO | Dec./Xan.? |
| Encontro con David Lozano, autor de *Donde surgen las sombras.* | ▪ Reflexionar sobre aspectos relacionados coa novela, en especial en relación á temática e aos valores que trasmite.<br>▪ Coñecer o proceso de creación artística | 2º ESO | Febr./marzo? |

Este departamento ten previsto tamén participar activamente nas actividades de dinamización lectora coordinadas desde a Biblioteca, desde o Comité de Igualdade, así como en actividades propostas por vicedirección ou interdepartamentais.

**ANEXO**

# **Guía para a elaboración e presentación de traballos escritos** (1º e 2º de ESO)

Normas, criterios e consellos para mellorar o contido e a presentación dos escritos. Baseado nas normas APA (www.normasapa.com)

| | |
|---|---|
| **Redacción** | Unha vez elixido o tema, debemos pensar no enfoque e na estrutura, é dicir, a forma na que imos organizar a información, para o cal necesitaremos **elaborar un guión**, que pode ser modificado logo.<br>A redacción debe ser clara, precisa e coherente, sen repeticións innecesarias.<br>Recoméndase **facer unha lectura detida** e en voz alta antes de entregar o traballo. |
| **Estrutura** | **Portada**: título do traballo, identificación. Pode conter imaxes.<br>**Índice**: títulos de todos os apartados que conforman o traballo.<br>**Introdución**: presentación do tema, referencia á estrutura.<br>**Corpo do traballo**: exposición clara e ordenada da información. Pódese subdividir en apartados con unidade interna e ilustrar con imaxes ou debuxos.<br>**[Conclusión**: breve síntese da información exposta.]<br>**Bibliografía**: relación de obras, tanto impresas como dixitais, consultadas. Debe aplicar os estándares indicados neste documento.<br> |
| **Presentación** | **Nos escritos a man**:<br>Coidar a caligrafía. Sangrar a primeira liña dos parágrafos. As marxes e as liñas deben quedar rectas (de precisarse, usarase como guía, por debaixo do papel, un modelo con liñas).<br>Evitar borróns e riscaduras; de ser inevitable, abonda con riscar o erro ~~así~~.<br>**Nos presentados a ordenador:** |

| | |
|---|---|
| | Deixar marxes amplas para evitar que a páxina resulte recargada: 2,5 cm.<br>Tipo e tamaño de fonte estándar e lexible: Times New Roman 12 p. ou Arial 11 p.<br>Unha vez escollido o tipo de letra e o seu tamaño, empregaranse en todo o documento.<br>Espazo de interliñado: 1,5 (espazo e medio); esta opción permite unha lectura máis cómoda.<br>Se o traballo se entrega en soporte informático e non precisa ser corrixido, débese entregar en formato PDF. Identificarase o arquivo con: Apelidos, Nome e Título do traballo.<br>As páxinas deben estar **numeradas** no centro, na parte inferior.<br>Nunca deberán presentarse as follas soltas. Uniranse por grampas, clips, portafolios... |
| **Citas** | As citas son **referencias a escritos doutros** autores/as.<br>Para evitar o plaxio é imprescindible, sempre que se copie unha frase ou parágrafo, citar a fonte. As palabras citadas deben ir co mesmo tipo de letra **entre comiñas**. No caso de eliminar parte do texto citado hai que introducir puntos suspensivos entre corchetes: […]. |
| **Bibliografía** | Citaranse as obras consultadas ou amentadas por orde alfabética tendo en conta o apelido do autor/a.<br>**Libros**: Apelido do autor/a, Nome (ano de publicación), *Título* [en letra cursiva], Cidade, Editorial.<br>Exemplo: Castelao, Afonso (2000), *Cousas*, Vigo. Ed. Galaxia.<br>Se consultamos un capítulo ou unha sección dunha obra debemos indicalo entre comiñas, antes do título.<br>Exemplo: Castelao, Afonso (2000), "A ponte vella", *Cousas*, Vigo. Ed. Galaxia.<br>**Documento electrónico: a**o final citaremos a dirección URL, se o documento é unha páxina HTLM.<br>Exemplo: "MySpace" de Carlos Gende, dispoñible en: http://www.myspace.com/gendebeat |

# Guía para a elaboración e presentación de traballos escritos

Elaborar un traballo monográfico implica, unha vez determinado o tema e o esquema ou guión xeral, varias **fases**: busca de información, estruturación, redacción, revisión e presentación.

Este modelo recolle normas, criterios e consellos para mellorar o contido e a presentación dos escritos. Baseado nas normas APA (www.normasapa.com)

| Fases | Normas / Criterios / Consellos |
|---|---|
| **Busca de información** | • Buscar información en diversos medios: enciclopedias, dicionarios, libros, Internet…<br>• Filtrar a información conforme ao tema e ao nivel que se está a estudar.<br>• Seleccionar os datos importantes: toma de notas, elaboración de resumos e esquemas, anotación das palabras clave… Axudará moito á estruturación do escrito. |
| **Estruturación** | Unha vez realizada unha lectura selectiva, trasladamos e distribuímos nas distintas partes do traballo a información útil evitando copiar parágrafos enteiros (é importante reorganizar a información de forma orixinal). Hai que ter un **guión ou esquema previo**, que pode ser modificado ao longo do traballo. Este guión debe ter unha orde lóxica, con puntos principais e secundarios.<br>En canto á estrutura, un traballo divídese en varias **partes**:<br>**Portada**: título do traballo, identificación. Pode conter imaxes.<br>**Índice**: títulos de todos os apartados que o conforman.<br>**Introdución**: presentación do tema, referencia á estrutura.<br>**Corpo do traballo**: exposición clara e ordenada da información. Pode subdividirse en apartados con unidade interna e ilustrar con fotografías, debuxos, gráficas…<br>**[Conclusión**: breve síntese da información exposta.]<br>**Bibliografía**: relación de obras, tanto impresas como dixitais consultadas.<br><br> |

| Fases | Normas / Criterios / Consellos |
|---|---|
| | Durante todo o proceso debemos respectar os dereitos de autoría, polo que é importante **tomar nota e citar as fontes**, **tanto de textos como de imaxes**. Podemos utilizar fichas que inclúan: URL, tipo de recurso, información precisa, ideas propias sobre eles e a finalidade.<br><br>Índice<br>Páxina:<br>Introdución........................................2<br>Apartado 1........................................3<br>Apartado 2........................................7<br>Apartado 3........................................12 |
| **Redacción e revisión** | Comparamos os contidos de cada fonte, e podemos **eliminar o que consideremos superfluo ou repetitivo**; procedemos, entón, a reordenar e conectar os fragmentos con **coherencia**, achegando **ideas propias**, reescribindo **coas propias palabras a redacción final**.<br>Debemos coidar a **ortografía**, **acentuación**, **signos de puntuación** e a **sintaxe**, utilizando **nexos variados**.<br>Evitaremos expresións coloquiais e o léxico utilizado será técnico e científico.<br>Podemos ilustrar o traballo con fotografías, gráficos…<br>En **cada parágrafo, exponse unha idea**. Antes de empezar a escribir un parágrafo, débese ter unha idea clara do tema que tratará. En caso contrario, faltaralle cohesión.<br>Recoméndase **facer unha lectura detida** e en voz alta antes de entregar o traballo. |
| **Presentación** | **Nos escritos a man:**<br>Coidar a caligrafía. Evitar borróns e riscaduras; de ser inevitable, riscar o erro ~~así~~. Sangrar a primeira liña dos parágrafos. As marxes e as liñas deben quedar rectas (de precisarse, usarase como guía un modelo con liñas por debaixo do papel).<br>**Nos presentados a ordenador:**<br>Deixar marxes amplas para evitar que a páxina resulte recargada: 2,5 cm. |

| Fases | Normas / Criterios / Consellos |
|---|---|

Tipo e tamaño de fonte estándar e lexible: Times New Roman 12 p. ou Arial 11 p.

Unha vez escollido o tipo de letra e o seu tamaño, empregaranse en todo o documento. Os títulos dos apartados poden ter un tamaño maior.

Espazo de interliñado: 1,5 (espazo e medio); esta opción permite unha lectura máis cómoda.



*Espazo interlineal simple (1 liña)*



*Espazo interlineal de 1,5 liñas*



*Espazo interlineal dobre (2 liñas)*

Hai que sangrar a primeira liña dos parágrafos ou engadir espazo entre parágrafos.

Se o traballo se entrega en soporte informático e non precisa ser corrixido, débese entregar en **formato PDF**, identificando o arquivo con: Apelidos, Nome e Título do traballo.

As páxinas deben estar **numeradas** no centro, na parte inferior.

Nunca deberán presentarse as follas soltas: uniranse por grampas, clips, portafolios...

**Citas**

As citas son **referencias a escritos doutros** autores.

Para evitar o plaxio é imprescindible, sempre que se copie unha frase ou parágrafo, citar a fonte. As palabras citadas deben ir co mesmo tipo de letra **entre comiñas**. No caso de eliminar parte do texto citado hai que introducir puntos suspensivos entre corchetes: […].

Por exemplo: A inflación é un dos problemas económicos máis importantes. Segundo Keynes, "a inflación é inxusta, a deflación inconveniente".

**Bibliografía**

De cada obra consultada ou citada debemos consignar os seguintes datos: autor, título, editorial, lugar e ano de publicación.

**Libros**: Apelido do autor/a, Nome do autor/a (Ano da publicación), *Título do libro* [en cursiva], Lugar de publicación, Editorial.

Exemplo: Castelao, Alfonso (2000), *Cousas*, Vigo., Ed. Galaxia.

**Revistas e xornais:** Apelido do autor/a, Nome do autor/a (Data), "Título do artigo" [entre comiñas], *Nome da revista* [en cursiva], Número, Páxinas do artigo.

Exemplo: Fernández, Nieves (2002) "La nueva ley de propiedad intelectual", *Computer Hoy*, N.º 32, páx. 34-35.

**Música, películas, documentais…:** Apelido do autor/a, Nome do autor/a (Data) *Título* [en cursiva], [Soporte], Lugar, Editor.

Exemplo: Wedge, Chris (director) (2000), *Ice Age* [DVD], Madrid, 20th Century Fox.

**Documentos electrónicos (páxinas de internet, blogs...):** Apelido do autor/a, Nome do autor/a (Data), "Título do artigo" [entre comiñas], enderezo do documento (URL).

Exemplo: Redes_373 (2005), "¿Para qué sirven las emociones? 1/8", dispoñible en: http://www.youtube.com/Watch?v=CQ8WJK9qfGo

| | | Moi ben | Ben | Regular | Mellorable | Moi mellorable |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Expresión oral | **Presentación e despedida** | ● Saúda a audiencia, preséntase<br>● Indica o tema de exposición de maneira clara e concisa<br>● Despídese de xeito adecuado | ● Saúda a audiencia e preséntase<br><br>Falla **nun** dos outros aspectos por non resolvelo de xeito adecuado:<br>● Indicar o tema da exposición de maneira clara e concisa<br>● Despedirse de xeito adecuado | Falla en **dous** aspectos por esquecemento ou por non resolvelos de xeito adecuado:<br><br>● Saúda a audiencia e preséntase<br>● Indicar o tema da exposición de maneira clara e concisa<br>● Despedirse de xeito adecuado | Falla en **tres** aspectos por non resolvelos de xeito adecuado.<br><br>● Saúda a audiencia e preséntase<br>● Indicar o tema da exposición de maneira clara e concisa<br>● Despedirse de xeito adecuado | Falla en **todos** os aspectos porque os salta sen máis.<br><br>● Saúda a audiencia e preséntase<br>● Indicar o tema da exposición de maneira clara e concisa<br>● Despedirse de xeito adecuado |
| | **Xestualidade, postura, voz, conexión co receptor/es** | ● Mantén unha postura adecuada<br>● Mira sempre o receptor/es<br>● Xestualiza de forma axeitada<br>● Volume de voz, fluidez e ritmo axeitados<br>● Controla os nervios sen problema | ● Mantén unha postura adecuada<br>● Mira o público<br>● Xestualiza pouco pero de forma axeitada para captar a atención e transmitir mellor<br>● Ton e volume axeitados<br>● Transloce os nervios pero logra controlalos. | ● Mantén unha postura adecuada<br>● Mira á fronte pero non mira o público<br>● Apenas xestualiza, pero cando o fai mellora a interacción.<br>● O ton ou o volume non son axeitados<br>● Discurso pouco fluído e natural. | ● Non mantén a postura todo o tempo<br>● Non mira sempre o público<br>● Non xestualiza<br>● Exprésase con dificultade<br>● O discurso carece de fluidez e naturalidade<br>● Resulta difícil entendelo | ● Postura incorrecta<br>● Non mira o público<br>● Non xestualiza (ou non o fai de xeito axeitado)<br>● Exprésase con moita dificultade<br>● O ton e o volume son inadecuados e imposibilitan a comprensión |
| | **Fonética** | Pronuncia e entoa correctamente. | Pronuncia e entoa incorrectamente de maneira puntual. | Mostra dificultades para entoar e pronunciar correctamente. | Pronuncia e entoa incorrectamente. | A súa pronuncia e entoación dificultan moito a comprensión. |
| | **Léxico** | ● O seu vocabulario é rico e axeitado ao rexistro e ao tema<br>● Non ten interferencias | ● Algunha imprecisión léxica<br>● Ata 3 interferencias | ● Bastantes imprecisións léxicas<br>● Ata 6 interferencias. | ● Vocabulario pouco axeitado<br>● Repetición de termos<br>● Ata 10 interferencias | ● Vocabulario non apropiado<br>● Abuso dos retrousos e expresións feitas<br>● Máis de 10 interferencias |

**RÚBRICA DE EXPOSICIÓN ORAL DE CONTIDOS**

| | | Moi ben | Ben | Regular | Mellorable | Moi mellorable |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Exposición de contidos | **Coherencia e cohesión** | Organiza a exposición de modo que garante plenamente a coherencia e cohesión textuais. | Organiza a exposición pero non sempre garante a coherencia e a cohesión textuais. | Emprega recursos moi básicos para dotar de coherencia e cohesión a súa exposición. | Non organiza a exposición de xeito que se manteña todo o tempo un fío discursivo. | Carece de recursos para dotar de coherencia e cohesión a súa exposición. |
| | **Dominio dos contidos do tema** | Os seus coñecementos sobre o tema son profundos: consultou e contrastou diversas fontes, entendeunas e procesou ben a información. Domina todo o contido e contesta calquera pregunta. | Os seus coñecementos sobre o tema son bos, consultou e contrastou fontes e desenvolve o tema con suficiente soltura. Pode contestar a algunha pregunta. | Os seus coñecementos son suficientes pero presenta vacilacións na exposición. Case non contesta as preguntas. | Descoñece algúns aspectos básicos sobre o tema e presenta importantes vacilacións na exposición. Non sabe responder ao que se lle pregunta. | Descoñece ata os aspectos máis básicos do tema que se trata. Non pode responder preguntas. |
| | **Material de apoio** | Achega materiais de elaboración propia axeitados (recursos dixitais, encerado...). | Achega material axeitado que non é de elaboración propia. | Achega pouco material ou é pouco axeitado. | Achega moi pouco material ou non é pertinente. | Non achega material. |

## RÚBRICA EXPRESIÓN ESCRITA

| | Moi ben | Ben | Regular | Mellorable | Moi mellorable |
|---|---|---|---|---|---|
| PRESENTACIÓN | A composición segue as pautas para a presentación de traballos escritos.<br><br>• letra axeitada<br>• liñas correctamente espazadas<br>• marxes<br>• parágrafos con sangrías<br>• texto correctamente xustificado.<br>• limpeza sen usar correctores | A composición segue as pautas de presentación requiridas.<br><br>• letra axeitada<br><br>**un fallo** entre:<br><br>• espazado entre liñas<br>• marxes<br>• parágrafos con sangrías<br>• texto correctamente xustificado<br>• limpeza sen uso de correctores | A composición non segue varias das pautas de presentación requiridas.<br><br>• letra non ben lexible<br><br>**dous fallos** entre:<br><br>• espazado entre liñas<br>• marxes<br>• parágrafos con sangrías<br>• texto correctamente xustificado<br>• limpeza sen uso de correctores | A composición non segue a maioría das pautas de presentación requiridas.<br>• letra non ben lexible<br><br>**máis de dous fallos** entre:<br><br>• espazado entre liñas<br>• marxes<br>• parágrafos con sangrías<br>• texto correctamente xustificado<br>• limpeza sen uso de correctores | A composición non segue as pautas de presentación requiridas.<br><br>• letra ilexible<br><br>• non se respectan os demais aspectos |
| ADECUACIÓN | Moi ben a tarefa.<br>Axústase plenamente a:<br>• formato requirido<br>• extensión indicada (cunha variación de ata o 10%)<br>• tipo e xénero textuais<br>Contén:<br>• todos os apartados ben desenvolvidos<br>• ideas relevantes e ben diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br><br>Meticulosa planificación previa. | Ben a tarefa.<br>Segue as instrucións co formato requirido.<br><br>**un fallo** entre:<br>• extensión indicada (cunha variación de ata o 25%)<br>• tipo e xénero textuais<br>• os apartados ben desenvolvidos<br>• ideas relevantes e ben diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br><br>Planificación previa sinxela. | Tarefa suficiente.<br>Segue a maior parte das instrucións.<br><br>**dous fallos** entre:<br>• extensión indicada (cunha variación de ata o 50%)<br>• tipo e xénero textuais<br>• os apartados ben desenvolvidos<br>• ideas relevantes e ben diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br><br>Planificación previa moi superficial. | Tarefa insuficiente.<br>Segue a maior parte das instrucións.<br><br>**máis de dous fallos** entre:<br>• extensión indicada (cunha variación de ata o 75%)<br>• tipo e xénero textuais<br>• os apartados ben desenvolvidos<br>• ideas relevantes e ben diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br><br>Non hai planificación previa. | Non cumpre a tarefa ou incúmprea en máis do 75% dos apartados.<br><br>**Non se axusta** en:<br>• extensión indicada (cunha variación de máis do 75%)<br>• tipo e xénero textuais<br>• os apartados ben desenvolvidos<br>• ideas relevantes e ben diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br><br>Non se comprende. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| COHER. e COHES. | • Ideas correctamente distribuídas en parágrafos<br>• Unidade temática<br>• Información progresiva, ordenada e sen contradicións<br>• Puntuación correcta<br>• Uso de conectores textuais e outros mecanismos de substitución (hiperónimos, hipónimos, sinónimos, pronomes...)<br>• Comprensión óptima | • Ideas distribuídas en parágrafos sen contradicións<br>• Unidade temática<br>• Erros pouco relevantes na progresión da información, organización e puntuación<br>• Uso dalgúns conectores textuais e mecanismos de substitución (hiperónimos, hipónimos, sinónimos, pronomes...)<br>• Comprensión boa | • Ideas organizadas en parágrafos, pero non ben distribuídas<br>• Unidade temática pouco definida<br>• Contradicións na cohesión que afectan ó contido por erros na progresión da información, a organización ou a puntuación<br>• Fallos na coherencia que só poden ser resoltos polo contexto.<br>• Uso escaso de conectores<br>• Comprensión aceptable | • Ideas non ben organizadas nos parágrafos<br>• Unidade temática case inapreciable<br>• Contradicións evidentes na cohesión que afectan ó contido<br>• Erros importantes na progresión da información, a organización e/ou a puntuación<br>• Fallos na coherencia que obrigan a reler o texto máis dunha vez<br>• Non se usan os conectores estudados<br>• Difícil comprensión | • Ideas sen ningún tipo de orde lóxica nos parágrafos.<br>• Non hai unidade temática<br>• Erros frecuentes ou mesmo ausencia de puntuación<br>• Carece de cohesión e coherencia<br>• Comprensión nula |
| LÉXICO | • Vocabulario rico, axeitado ao rexistro e ao tema<br>• Sen interferencias | • Vocabulario correcto con algunha imprecisión léxica<br>• Ata 3 interferencias | • Algúns erros de vocabulario<br>• Bastantes imprecisións léxicas<br>• Ata 6 interferencias | • Erros no emprego de vocabulario<br>• Vocabulario pouco axeitado<br>• Repetición de termos<br>• Ata 10 interferencias | • Vocabulario non apropiado<br>• Abuso de retrousos e expresións feitas<br>• Máis de 10 interferencias |
| MORFOSINTAX. | • Estrutura correcta das oracións con sentido pleno<br>• Non hai erros gramaticais no uso dos tempos verbais, na concordancia, as preposicións ou noutras formas gramaticais | • Algún erro gramatical pouco relevante non traballado especificamente<br>• Non hai alteracións sintácticas e a comprensión non se ve afectada | • Varios erros gramaticais e/ou sintácticos pouco relevantes non traballados especificamente na clase sen que dificulten a comprensión | • Numerosos erros gramaticais e/ou sintácticos que, sen seren abundantes, pertencen a aspectos traballados na clase e dificultan a comprensión do texto | • Numerosos erros gramaticais e/ou sintácticos repasados especificamente na clase e dificultan moito a comprensión do texto |
| ORTOGRAF. | • Non hai erros de grafías nin acentos | • Algúns erros nas grafías considerados pouco importantes<br>• Non comete equívocos na acentuación | • Varios erros de grafías ou palabras sen acentuar ou mal acentuadas non repasadas especificamente<br>• Non se ve perxudicada a comprensión | • Abundantes erros ortográficos relevantes xa estudados | • Moitos e graves erros ortográficos con predominio daqueles revisados na clase |

IES DO MILLADOIRO, ACORDOS TIL
Terminoloxía das Clases de palabras na ESO (decisión da xuntanza do 20/02/19)

## 1. CLASES DE PALABRAS (e non categorías gramaticais)

1.1. **Substantivo** (non nome...)

- Clasificación tradicional en canto á semántica, o número e o xénero.
- Falaremos de **xénero contextual** (e non común en canto ao xénero).

1.2. **Adxectivo** (non nome...)

- Adxectivos **cualificativos** e **non cualificativos** (non determinativos -nin determinantes desde a perspectiva morfolóxica).

  · Cualificativos: **especificativos** e **explicativos**.

  · Non cualificativos: **posesivos, indefinidos, numerais** (**cardinais, ordinais, multiplicativos, partitivos**), **demostrativos, relativos, exclamativos e interrogativos**.

En bacharelato poden especificarse: **identificador, cuantificador**. Tamén se poderán incluír os **duais** e **distributivos**.

1.3. **Artigo** (só consideraremos tal o **determinado**).

1.4. **Pronomes persoais** e **non persoais** (**posesivos, indefinidos, numerais -cardinais, ordinais, multiplicativos, partitivos**), **demostrativos, relativos, exclamativos e interrogativos**.

1.5. **Verbo**: **formas persoais e non persoais**.

- 3 **persoas** (de **singular** e de **plural**).
- Verbos **atributivos** ou **copulativos** / **predicativos**.

- Tempos. Simples: **presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto, futuro, condicional**. Compostos: **pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto, pretérito anterior**.
- Nas perífrases: **verbo auxiliado** e verbo **auxiliar**. Clasificación distinta galego e castelán. En castelán non se diferenciarán as ingresivas das incoativas; consideraranse todas incoativas.

1.6. **Adverbios** (clasificación tradicional: lugar, tempo, modo, afirmación, negación...).

Pospóñense as conxuncións ata a abordaxe da sintaxe (desde 3º ESO).

## 2. FORMACIÓN DE PALABRAS

2.1. Constituíntes

- **Morfema** (non monema)
- **Libres** e **ligados**
- **Morfema léxico** ou **lexema** e **morfema gramatical**
  - **Derivativos** (**prefixos, sufixos** e **interfixos**) e **flexivos**
- **Raíz** e **desinencias** no caso do verbo
- **Alomorfos** no caso de in- / im-, etc.

2.2. Clasificación

- **Simples**, **derivadas**, **compostas** e **parasintéticas** (calquera dos dous tipos: lex+lex+suf e pref+lex+suf conxuntamente)

IES DO MILLADOIRO, ACORDOS TIL

Terminoloxía da Sintaxe (decisión da xuntanza do 02/05/19)

## 1. Desde 2º ESO

**Unidades:** Frase (nominal, substantiva, adxectival, adverbial, preposicional, verbal).

**Funcións:** DETERMINANTE, NOMINAL, NÚCLEO, MODIFICADOR, ENLACE, TERMO, MODIFICADOR ORACIONAL (en BAC)

NÚCLEO E COMPLEMENTOS / CÓPULA E ATRIBUTO

## 2. Desde 3º e 4º ESO

**Unidades:** Simples e complexas. Oración simple, composta. Compostas coordinadas. Compostas subordinadas.

**Funcións:** SUXEITO, PREDICADO, ATRIBUTO, C. DIRECTO, C. INDIRECTO, C. CIRCUNSTANCIAL, SUPLEMENTO ou C. DE RÉXIME (~~preposicional~~), C. PREDICATIVO, C. AXENTE

Estruturas coordinadas: MEMBRO 1 + NEXO + MEMBRO 2

**Representación gráfica:** en árbore. En minúscula as unidades, en maiúscula as funcións.

## 3. Clasificación da oración simple

<table>
<tr><td rowspan="7" colspan="3">Modalidade</td><td>Enunciativas: afirmativas: Chamarei máis tarde.<br>negativas: Non teño tempo para iso.</td></tr>
<tr><td>Interrogativas: directas / indirectas: Ves? / Dime se ves<br>totais / parciais: Vas ao médico?/ Cando vas ao médico?</td></tr>
<tr><td>Dubitativas: Quizais cheguemos pola tarde.</td></tr>
<tr><td>Desiderativas: Oxalá vaiamos á praia.</td></tr>
<tr><td>Exclamativas: Que bonito vos quedou!</td></tr>
<tr><td>Apelativas, imperativas, exhortativas ou conativas: Senta! / Serías tan amable de sentar dunha vez? / Fai o favor de sentar xa.</td></tr>
<tr></tr>
<tr><td rowspan="2" colspan="3">Estrutura</td><td>Bimembres: (sux) + pred : Iremos ao cine / Todos o saben</td></tr>
<tr><td>Impersoais : Chove / Hai partido / Avisouse a todas.</td></tr>
<tr><td rowspan="8">Predicado</td><td colspan="3">Copulativas ou atributivas: Predicado nominal (CÓP/N + ATRIB)<br>Algúns días pareces parvo / Somos moi amigas / Estou moi tranquila.</td></tr>
<tr><td rowspan="7">Predicativas<br>Pred. verbal<br>(N + Complementos)</td><td rowspan="5">Activas</td><td>Transitiva: Busca axuda rapidamente<br>(leva CD)</td></tr>
<tr><td>Intransitiva: Cervantes morreu pobre<br>(non leva CD)</td></tr>
<tr><td>Reflexiva: (o suxeito realiza a acción sobre si mesmo)<br>- directa: Nunca te lavas?<br>- indirecta: Cepíllate los dientes (SÓ EN CASTELÁN)</td></tr>
<tr><td>Recíproca: (Suxeito plural. Realizan a acción un sobre o outro)<br>- directa: Romeo e Xulieta vianse pola noite.<br>- indirecta: Sempre nos enviamos postais polo Nadal.</td></tr>
<tr><td>Pronominais: (o verbo conxúgase sempre co pronome) Non se atrevía a saír de noite.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Pasivas</td><td>Perifrástica: O lume foi apagado polos veciños.</td></tr>
<tr><td>Reflexa: O pavillón inaugúrase ás doce.</td></tr>
</table>

## 4. Clasificación da oración composta

| | | |
|---|---|---|
| Coordinación | **Copulativa** | Afirmativa (e): *Saímos á porta e saudámolos.* |
| | | Negativa (nin) : *Nin quere nin pode facelo.* |
| | **Disxuntiva** | (ou, ou ben): *Saes ou quedas na casa?* |
| | **Adversativa** | Parcial (pero, mais, etc.): *A moza é lista, pero non traballa.* |
| | | Total (senón, senón que): *Non vende as fincas, senón que compra máis.* |
| | **Distributiva** | (ben... ben, xa... xa...; aquí... alí...): *Un canta, outro baila. Estes días xa chove, xa vai sol.* |
| | **Explicativa** | (isto é, é dicir, ou sexa): *Receitoulle ácido acetilsalicílico, isto é, deulle aspirina.* |
| Subordinación | **Substantiva** | Suxeito: *Non me gusta que me leven a contraria.* |
| | | C. Directo: *Carme pensa que Luís vai volver.* |
| | | Atributo: *Xoán está que morde; Luís foi quen ti sabes.* |
| | | C. de termo: *Non teño a seguridade de que veñan á festa.* |
| | **Adxectiva** | Especificativa: *Os ciclistas que estaban cansos abandonaron a carreira.* |
| | | Explicativa: *Os ciclistas, que estaban cansos, abandonaron a carreira.* |
| | **Adverbial** (propia) | Lugar: *Hoxe estivemos onde comemos o domingo.* |
| | | Tempo: *Iremos cando nos chamen.* |
| | | Modo: *Subín ao tren como puiden.* |
| | **Adverbial** (impropia) | Causa: *Non bebo porque non quero* |
| | | Finalidade: *Pecha ben a porta para que non entre o frío.* |
| | | Condicional: *Se queres, imos ao cine.* |
| | | Concesiva: *Aínda que teño febre, estou moito mellor.* |
| | | Consecutiva: *É tan alto, que non cabe pola porta* |
| | | Comparativa: *Pedro é tan alto como Juan (é alto)* |

Unión asindética (sen nexos) das oracións:

| | |
|---|---|
| **Xustaposición** | Equivalente a coordinación: *Cheguei, vin, vencín.* |
| | Equivalente a subordinación : *Rógolle nos acompañe neste evento.* |

**Repartición de contidos en 1º ESO**

1. Criterios adoptados

- Compartir a tipoloxía textual nunha mesma altura de cada trimestre.
- Distribuír os contidos dos tipos textuais entre as linguas e revisalos conxuntamente ao inicio do curso escolar.
- Repartir os xéneros textuais de produción en conexión cos tipos textuais establecidos.
- Abordar a reflexión lingüística ligada a eses xéneros: substantivo e adxectivo coa descrición, verbo e adverbio coa narración, etc.
- Desenvolver o enfoque comunicativo para facer máis efectiva a repartición e conexión.
- Priorizar a oralidade en Lingua galega.
- Integrar as decisións nas programacións, abertas a modificacións de común acordo entre o profesorado de linguas de cada grupo en cada curso.
- Impulsar mecanismos de coordinación para reaxustar os acordos, posibilitar a conexión temporal doutros contidos (léxico...), repartir conceptos lingüísticos xerais e deseñar proxectos de produción conxuntos.

2. Distribución

**1º trimestre**

| | | |
|---|---|---|
| O 1º trimestre centrarase nestes dous tipos textuais: | DESCRICIÓN | NARRACIÓN LIT. |
| Os contidos fundamentais desenvolveranse desde: | Lingua galega | Lingua castelá |
| A abordaxe deses contidos estará rematada o: | 15 de outubro 1 | de novembro |
| Os xéneros traballados en LGL serán como mínimo: | descrición persoas | Diario |
| Os xéneros traballados en LCL serán como mínimo: | descrición espazos ext | Conto |
| Os xéneros traballados en ING serán como mínimo: | descrición espazos int | Correo (rutinas) |

**2º trimestre**

| | | |
|---|---|---|
| O 2º trimestre centrarase nestes dous tipos textuais: | NARRACIÓN XORN. | LÍRICA |
| Os contidos fundamentais desenvolveranse desde: | Lingua galega | Lingua castelá |
| A abordaxe deses contidos estará rematada o: | 31 de xaneiro | 28 de febreiro |
| Os xéneros traballados en LGL serán como mínimo: | Novas audiovisuais | Anuncio publ. |
| Os xéneros traballados en LCL serán como mínimo: | Noticia | Poesía |
| Os xéneros traballados en ING serán como mínimo: | Reportaxe | |

**3º trimestre**

| | | |
|---|---|---|
| O 3º trimestre centrarase neste tipo textual: | DIÁLOGO | - |
| Os contidos fundamentais desenvolveranse desde: | Lingua galega | - |
| A abordaxe deses contidos estará rematada o: | 30 de abril - | |
| Os xéneros traballados en LGL serán como mínimo: | Diálogo teatral | Instrucións |
| Os xéneros traballados en LCL serán como mínimo: | Cómic | Carta |
| Os xéneros traballados en ING serán como mínimo: | Diálogo | |